

Farruco Sesto

Por que
son chavista?



Colección:

Outros pensamentos latinoamericanos / 1

© Farruco Sesto Novás

Titulos orixinais:

¿Por qué soy chavista? Razones de una revolución (2002)

¿Por qué soy chavista? Segunda parte: ¿de qué se trata todo esto? (2009)

Las seis banderas sobre la colina cultural (2009)

© Da tradución para o galego: Xurxo Martiz Crespo

© Do limiar: Xurxo Martiz Crespo

Imaxes: Arquivo Farruco Sesto

Edita: FESGA, Confederación Intersindical Galega. 2013

ISBN: 978-84-612-8124-6

FARRUCO SESTO

POR QUE SON CHAVISTA?



AS SEIS BANDEIRAS

SOBRE O OUTEIRO CULTURAL



Farruco Sesto

Índice

Nota á edición en galego / 7

Por que son chavista?
Razóns dunha revolución / 9

Por que son chavista?
Segunda parte: de que trata todo isto? / 31

As seis bandeiras sobre o outeiro cultural / 55



Farruco Sesto co comandante Hugo Chávez Frías

Nota á edición en galego

Hai un mes do pasamento de Chávez. Nunca antes tantas razóns tivemos para explicar, tratar de convencer e ciscar as orixes e os por que da revolución bolivariana das que nos sentimos parte. Venezuela, malia ter a segunda comunidade galega do exterior, non estaba no mapa dos nosos xornais nacionais nin estatais. Información de «patio traseiro» e esquecemento por invisibilidade do pobo venezuelano era o único que podiamos ver nos media. Pero o pobo de Venezuela non só era invisíbel nos media galegos, españois ou europeos, tamén estaba ausente da prensa do seu propio país, dos seus gobernantes e das súas políticas.

Cada día que pasa, vendo o que acontece en Galiza, no Estado español, na Unión Europea, en Oriente Medio ou en Estados Unidos certificamos a verdade do discurso de Chávez e a valente aposta polos cidadáns, antes invisíbeis, venezolanos e latinoamericanos.

As imaxes de dó e dor de centos de milleiros de homes e mulleres en Caracas, que a prensa europea quixo camuflar de «culto o lider» etc, etc, amósanos un pobo en comunión con Chávez, coas súas ideas e coas súas políticas.

Cómpre facer a odiosa e necesaria comparación do amor ou representatividade dos políticos galegos ou españois que nos gobernan, moitos agochando a súa axenda oficial para non seren «molestados» polos cidadáns estafados, aldraxados desafiuzados, desempregados e o peor sen esperanza.

O marabilloso libro de Farruco Sesto (Vigo, 1943), nas súas dúas dúas partes, fai unha viaxe desde as orixes dunha paixón militante até chegar a un convite co lector a pasarse á causa da revolución. Chávez non tivo que agochar a súa

axenda nin fuxir do pobo. En todo o mundo a súa loita revolucionaria é un faro, un gran de millo martiano que contiña toda a gloria do mundo, un exemplo a seguir. As súas palabras, lembrando o noso Castelao, eran verbas de chumbo, remexían conciencias e facían saír da tobeira, da caverna os «benpensantes» filósofos, escritores e políticos do estatus quo occidental.

Cómpre seguir o camiño, cheo de palabras e accións, iniciado polo presidente comandante Chávez. Hoxe máis ca nunca é tempo de traballo revolucionario. Venceremos? Venceremos!

Xurxo Martiz Crespo, Galiza, 2013.

Por que son chavista? Razóns dunha revolución

*A todos aqueles
que choraron de carraxe
o 11 de abril,
e choraron de novo o 13,
pero de ledicia*

[Breve explicación inserida na edición orixinal venezolana de *¿Por qué sou chavista?*, escrita por Farruco Sesto. O libro foi editado polo partido Patria Para Todos (PPT)]



O primeiro dos textos é a carta a unha amiga moi querida que ve con reticencia o meu compromiso político. Nela trato de explicar por cales razóns da mente, e do corazón, estamos nisto. Non é máis, en realidade, que unha simple carta. Para Rosa María, ou para calquera lector que se achegue a estas páxinas de boa fe e con ánimo de comprender.

O segundo texto está escrito un día calquera, a raíz da lectura dun xornal que tomou partido na política e conspira desde a oposición. Reafirmo nel as miñas convicións. E expoño a grandes trazos os motivos polos cales non formo parte da manda.

Por último, reedito un texto xa publicado verbo os principios que nos alentan neste proceso. Foi escrito a raíz dunha conversa co comandante Wilmar Castro, un venres á noite, hai xa preto de dous anos, na casa de Rafael Gruszka. Coido que estaban presentes Julio Montes, María Cristina Iglesias, Lucas Pou, Jacqueline Farías, William Fariñas, Alejandro Hitcher, Reinaldo Bravo e outros compañeiros. Nesa xuntanza Wilmar dicíanos que un labor de altísima prioridade era a formulación conceptual dos valores e principios que moven este proceso. Preguntábase: Cara a onde imos? Como será esa sociedade que estamos a construír?

Esa fin de semana escribín este texto, a maneira de índice, ou máis ben como unha sorte de guía elemental para que, a partir de aí, o desenvolvésemos con detalle, axeitándoo á nosa realidade concreta. Esa tarefa, como tantas outras, aínda está pendente.

Carta a Rosa María

Benquerida Rosa María:

Hai uns días, mentres tomabamos un café amigabelmente, concentrando o teu agarimo e o meu nunha conversa de posta ao día, manifestaches a túa estrañeza, ou máis ben curiosidade, polo meu compromiso anímico e intelectual, blindado, co proceso de cambios que está a vivir Venezuela.

Como queira que ese tipo de conversa de cafetaría non dá para moito, pensei que sería bo tentar explicarche, moi especialmente a ti, que sei que non abeiras dúbidas verbo a miña honestidade de pensamento, as razóns máis sentidas dese compromiso que tanto che chama a atención.

Debo advertir que non quero convencerte de ren. Non son un apóstolo, nin propagandista nin voceiro deste proceso. Pretendo soamente que me entendas. Facer que poidas botar unha ollada aos motivos da alma (ou débese dicir á alma dos motivos?) deste vello, leal e perseverante amigo teu.

Quero comezar lembrándoches o que ti ben coñeces: que tracei coma un norte da miña vida a loita pola verdade, a xustiza e a beleza, á procura de que se instalen no reino do común, isto é, no universo das relacións humanas sobre o que discorre a nosa existencia.

Pois se algún sentido ten a vida, teno, ao meu xuízo, nas oportunidades reais de atinxir o maior coñecemento posíbel, a maior felicidade posíbel, a maior sensibilidade posíbel. Refírome á vida de cada un, mergullado na corrente do mundo. Como unha historia engarzada entre millóns de historias, todas elas valiosas, todas elas merecedoras de seren observadas sen ter que desviar os ollos pola vergoña.

Sabes, por conseguinte, que me resisto a aceptar a indignidade sementada desde o poder, a ignorancia que é un produ-

to inícuo da desigualdade, a pobreza que é o resultado cruel da inxustiza. Amólame en calquera caso pero máis aínda, até se facer insoportábel, cando as vítimas de todo iso son os nenos, os débiles, aqueles que non teñen a posibilidade de decatarse da natureza da poza onde están mergullados.

Entendo que todo isto pode semellar abstracto, cando non retórico. Pero, quen non carga consigo a súa abstracción e a súa retórica particular? Algúns constrúenas de cobiza de poder, de culto ao éxito, de hedonismo privado, por enriba do que sexa. A maioría estruturan os seus argumentos a partir do que ensinan, simplemente, a loita pola sobrevivencia. Aínda que, xa daquela, hai algúns que os perfilan de motivos máis interesantes. Eu tento edificar a miña vida sobre uns puntos de apoio tan elementais como os que che dixen: que a verdade, a xustiza e a beleza poidan prevalecer no mundo ao cal un contribúe cos seus pequenos actos. Pensarías, por iso, que son un inxenuo? Se cadra pódese afirmar que iso é así, pois unha certa dose de inxenuidade convive comigo, e até a cultivo, sen que me moleste. E alguén podería dicir que son un parvo, pasado de moda. Pois canto o lamento. Pero así son os meus asuntos. Dese xeito sitúome ante o que me rodea para contemplar o mundo ficar quedo.

Con eses sinxelos principios tratei de entender o presente, bebendo da historia que nos trouxo até aquí, e ollando tamén cara adiante, cara ao que nos agarda, tentando influír dalgún xeito nos acontecementos.

E o que vin e o que vexo, non podo dicir que me agrade en moitos dos seus capítulos, que son os capítulos do absurdo.

Vexo moita infelicidade innecesaria. E non me refiro á que deriva do feito mesmo da existencia, coas súas contradicións e dificultades, senón á que medra e se alimenta da escuridade social que é un produto xenuinamente humano. Vexo moi-

ta dor, soidade, abandono, malevolencia, crueldade, que son amasados coa fariña das relacións humanas. E un fondo egoísmo, que até ridículo sería, mesmo patético, se non fora pola súa perversidade, convertido en alicerce das ideas máis entendidas.

E esa infelicidade, e esa dor, e ese abandono, concréntanse dun xeito moi especial na sociedade venezolana, á cal non é posíbel observar sen un estremecemento da alma.

Millóns de persoas vivindo na pobreza absoluta, coas consecuencias materiais e espirituais que iso significa. Millóns de persoas cos seus dereitos como seres humanos violados desde o momento mesmo do seu nacemento, e non por causa da sorte, senón por un deseño superior ao que pouco lle importa o que poderíamos denominar, tal como se fai nas batallas, danos colaterais. E pregúntome: Como é posíbel que chegásemos até aquí?

Quen nos conduciu até este punto? cales GOBERNOS foron os que organizaron este desastre social e económico? que grupos influentes apoiaron a eses GOBERNOS? que intelectuais o consentiron? en que luxos e frivolidades se mergullaban mentres o país ía esvarando por unha costa interminábel? porque tantas, e tan cualificadas, persoas afastaron a vista ollando cara a outro lado? porque tantos se desentenderon da desgraza da maioría para atender os seus propios negocios? quen mandaban aos que mandaban? onde estaban daquela os medios de comunicación que non advertían sobre a ignominia e a escuridade?

E, sobre todo, en que fantasía nos moviamos para que o horror, e un grande sentimento de indignación non arrepiara a todos? En que arredado recuncho se recluía a xente sensíbel? Foi só encubrimento ou tamén complicidade colectiva? Até onde, até que capas da sociedade atinxiu esa inmoral confabulación?

Olla hoxe ao teu redor, Rosa María, coa ollada clara, e verás o mesmo que eu vexo e que calquera pode percibir: unha herdanza maldita da cal hai que desembarazarse canto antes.

E aquí, xunto á necesidade do cambio, é onde se comeza delinear o agoiro dese mesmo cambio, ao cal eu me adscribo e no cal hai que confiar porque, sobre que alicerces morais aceptar o que se nos viña impondo desde un poder alleo a ningún soño que valla?

Pois acontece, e menos mal que acontece, que nos ollos dos máis abandonados, comezou a aparecer desde hai pouco tempo un brillo inusual. Non o ves? En que lugares andas? Seguro que o verías con só querelo. Convídate a vir comigo aos barrios, ás urbanizacións populares, a percorrer as vilas do interior, para que vexas instalada no ollar da maioría unha luz de esperanza. Abre os ollos, Rosa María, pois algo está a acontecer. Algo marabilloso alén nós.

Deixa por un intre o pequeno ámbito no cal andas. Ese non é o país! Ou, se cadra, non é todo o país. Apaga o televisor por un cachiño. Pecha o xornal. Imos á rúa, onde está a xente, para tentar entendela, para tentar interpretala.

Alá está o nó de toda esta cuestión que nos ten en vilo desde hai xa dous ou tres anos.

Que acontece?

Pasa que había un importante sector da sociedade venezolana, unha grande parte da clase media (aínda que non toda, desde logo) que vivía en Venezuela como quen vive nun club privado. Resgardado no seu hábitat particular por uns muros infranqueábeis, aínda que fosen imaxinarios, con todas as facilidades ao seu alcance, negábase a admitir a realidade que facía estragos fóra deses muros. Millóns de nenos non ían á escola, por pór un exemplo desa desfeita (non semella un exemplo abondo contundente?), pero dentro do

club os servizos funcionaban excelentemente. A miseria, a ignorancia, a desesperación, o abandono, estendíase fóra dos límites do club, pero dentro ese sector da clase media, cego ou desentendido, gozaba dun parvo paraíso privado. Grande necidade! Pois un ambiente e o outro, ambos lugares dun único sistema social, non estaban desconectados, senón que se relacionaban fortemente entre si. A fácil riqueza dun lado, tiña que ver coa pobreza do outro. A suposta civilización dos que manexaban o poder, a información e os recursos, tiña que ver coa calamidade da maioría. Dous países cadraban no tempo e no espazo, pero un non quería saber do outro, prescindía del e facía como se non existise.

Pero o peso da realidade acaba por esnaquizar calquera ilusión mal cimentada.

Daquela aconteceu o que era previsíbel para calquera observador intelixente: chegou Chávez e chegou a xente de Chávez. Chegaron aqueles entre os cales me conto. E dígocho: se non fose Hugo Chávez, sería outro. Alguén tiña que chegar que estragase tanta hipocrisía, malignidade e ensimesmamento perverso. De modo que chegou.

E que foi o primeiro que fixo? Enfocar os reflectores cara a todos os recunchos que eran mantidos na escuridade, para revelar as lacras terríbeis desta sociedade, da cal unha parte vivía á sombra dos negociados do Estado. Unha boa parte da clase media, pechada no seu club de privilexios, non quería ver como a pobreza desbordaba o país. Así pois, chegou Chávez e o primeiro que fixo foi pór ese tema da pobreza sobre a mesa.

Puxo sobre o mantel a cuestión dos pobres, os indefensos, os doentes de soidade, os marxinados do ensino e da información, os esquecidos pola xustiza, os famentos, os execrados, os maltratados. Abriulles a porta, por así dicilo. Decátaste, Rosa María, que agora os seus rostros, as súas expresións de amargura, de indignación, de reclamo, ou mesmo de

xenreira, e tamén de ilusión e de esperanza, se fixeron evidentes, colocáronse en primeira fila.

De xeito que xa ninguén os pode ignorar. Tentarán detelos, manipularlos, deixalos onde están, na beiriña mesma da economía e da democracia, pero non poden ignoralos. E iso é o que moitos non aceptan. Os muros do club fixéronse de cristal e agora vese que a paisaxe non era tan enxebre e limpa como se supuña. É así, querida amiga. Ese é o problema. Non hai outro. Todo o demais é literatura, un conto, unha trapa-llada política. Lerias intelectuais, neurose e resentimentos. Cando non desviacións peores.

O feito é que esa parte da clase media foi quitada da súa illa conservadora e enfrontada á realidade que estaba alá, á sombra. Unha realidade que nos presenta problemas e exixencias que non se poden deixar de oír. Exixencias dramáticas.

E iso é moi forte, moi forte, eu recoñezoo. Moi forte para quen estaban contentos no seu couto pechado e protexido. Por iso é que eu, xunto con outros, xunto a millóns, estou con Chávez. Por esa primeira e máis valiosa razón: a de ter tomado opción polos máis débiles da partida, aqueles que, se non é así, se non é por Hugo Chávez, seguirían sen esperanza ningunha de que os seus dereitos fosen tomados en conta. E non falo de dereitos especiais, de tipo político, ou doutro tipo. Falo dos máis elementais dereitos humanos, á vida mesma, á alimentación, á información, a un mínimo de dignidade como persoas.

Ise é un mérito do presidente, un mérito histórico.

Chávez tomou esa opción que ninguén tomara en corenta anos. Fixo súa a causa das grandes maiorías. Alá onde tradicionalmente houbera demagogia barata e electoralista, el introduciu a preocupación xenuína por mudar a condición desas maiorías.

Moitos dos cambios institucionais van nese sentido. Moitos dos temas que orientan as accións do goberno van tamén

nese sentido. Convértese en política de Estado rematar coa exclusión. Os pobres apareceron en escena e teñen voz propia. Non é iso abondo importante? Dimo ti, que es unha muller de alta sensibilidade.

Pero ademais, tamén estou con Chávez, porque desde que estou na política venezolana, é o primeiro gobernante que vexo que ten a intención de facer cambios profundos para reconstruír o país. Fala dunha década de prata, para solucionar os máis graves problemas e pór (por así dicilo) o país ao día, nas infraestruturas, no ensino e a cultura, no desenvolvemento do aparello produtivo, no feito mesmo de garantir que cada venezolano que veña ao mundo conte cun mínimo de condicións de dignidade. E daquela, fala dunha década de ouro, na cal se daría un gran salto adiante, así o entendo, sobre todo no plano espiritual e no perfeccionamento das relacións sociais.

Confésoche que esa idea, así formulada, me entusiasma. Paga a pena pór todo, até a propia vida, ao seu servizo. Para que estamos aquí? Dirías que nos movemos no reino da utopía? Négoo. Isto non é utopía. A posibilidade de establecer cambios profundos nun país, nunha sociedade, no termo dunha xeración, foi corroborada en distintas ocasións polas xentes que nos precederon. Pero se de verdade o fose, quero dicir, unha utopía, de todos os xeitos, non pagaría a pena tentalo, por un sentido mesmo de orgullo colectivo?

A min, no particular, e ti coñécesme, sempre me gustou moverme no ámbito da realidade. Pero non para aceptala con ánimo conservador, senón para forzala e dobregala cara á súa transformación. A realidade, amiga miña, como sabes, non é un destino imposto polos deuses. A realidade construímosla nós, en parte co pensamento mesmo que xa a modifica e en parte cos feitos. A resignación, ao meu xuízo, é un dos pecados maiores e máis imperdoábeis.

Por iso gústame isto no que andamos, malia os erros sen número que cometemos. E como non cometelos? Cando unha sociedade se move por camiños inéditos debe pagar un prezo por iso. Non se nace aprendido. Non hai receitas escritas sobre o modo de lograr unha transformación profunda. E hai poucas referencias sobre os modos de atinxila en paz, tal como estamos procurando conseguilo.

Como esta carta non ten, nin moito menos, a intención de semellar unha análise política, abonda recoñecer que en moitos xeitos non o estamos a facer ben, pois gobernar nun mar tan bravo é difícil. E aínda máis difícil se fai cando se ten que construír coa mesma lama e coas mesmas mans, pois non hai outras, que soportaron a construción anterior. Pois a xente non se renova por decreto. As aprendizaxes son devagar. Os procesos de modificación das relacións humanas son moi complexos. Estructuras vellas soportan os cambios. Estructuras culturais, legais, económicas, que poñen area nas engrenaxes.

Pero aquí estamos. Distinguimos de cal lado están os valores profundos. Tentamos ir desfecendo o complicado nobelo onde se mesturan hoxe os fíos da xustiza cos da inxustiza, para ver se podemos diferencialos ben.

E coido que se a xente de boa vontade tomase un vaso de xenerosidade polas mañás durante un tempo, e arredase da súa mente esa néboa que dan os prexuizos, daquela os cambios que o país precisa, e que son imparábeis, poderían ter lugar a un ritmo máis rápido.

E nada máis. Espero que estas notas leven un pouquiño de luz sobre os motivos do meu compromiso. Se o logrei, magnífico. Se non, temos que buscar a maneira de continuar a conversa noutro intre.

Co agarimo de sempre.
Un bico grande.

Un día calquera

Un día calquera, hoxe, por exemplo, que é domingo, leo con atención ás seis e trinta da mañá un dos xornais máis importantes do país.

A súa lectura sempre bate en min un pouco, confésoo. Sinto que me acurrala, ponme contra a parede, sinálame co dedo, e pon en evidencia a miña demora e anacronismo impenitente, o populismo exacerbado das miñas ideas e a miña cultivada cegueira ante a realidade, ao mesmo tempo que desenmascara o culto á violencia que eu debo ter e o profascismo do meu pensamento.

É duro, confésoo de novo, recibir estes aldrabadas á conciencia tan cedo.

A xulgar por este xornal e polos que nel escriben, moitos deles amigos ou coñecidos meus, hai unha boa cantidade de venezuelanos chavistas que estamos validando unha grande farsa, un estrepitoso fracaso, conducidos por un caudillo con graves problemas de personalidade, e manexando ideas decimonónicas, totalmente desvencelladas do mundo contemporáneo.

Unha gran farsa que, dun momento a outro, se vai afundir con estrépito, para volver situar os asuntos públicos de novo na traxectoria axeitada.

E son tantas e tan importantes as sinaturas que avalan permanentemente ese pensamento acusador que, nun primeiro intre, logran avergoñarme un pouco.

Artistas de grande sona, columnistas de toda a vida, prestixiosos analistas políticos, economistas de grandes méritos, monseñores en activo, premios nacionais, maxistrados, profesores universitarios, e unha morea de ex, a saber, ex ministros, ex secretarios xerais, ex deputados, ex gobernadores, ex xerentes de empresas públicas, ex presidentes de confedera-

cións, ex xenerais, e mesmo até ex guerrilleiros, todos eles configurando unha grande fronte intelectual, sólida, maciza, uniforme (salvo en cuestións de detalle), que poñen prazos e contan os días para que remate este pesadelo que vive o país, esta calamidade que eu defendo.

A maioría dos intelectuais están alá. Din eles, dano por descontado. E céganse entre si coas súas observacións e argumentacións.

Non hai dúbida (é dicir, non teñen dúbida) de que eles representan a intelixencia, o coñecemento, a madurez da razón, o sentido de modernidade, o ecumenismo moral, a independencia de pensamento, o civismo e o equilibrio emocional. Tamén, para asoballarme nesta tranquila mañanciña de domingo, representan sobradamente a maioría intelectual.

Nós, pola contra, representamos a caverna. E somos moi pouquiños.

Supoñen eles.

A verdade, visto así, é como para encollerse un pouco. Pero... será certo que é así? Fágome esa pregunta. Para responderme a min mesmo (e de paso non deixarme arrecunchar polos que teñen o recurso dos medios ao seu alcance, o cal non é pouca cousa) vou permitirme anotar algunhas dúbidas ao respecto, dúbidas que se supón que son o alicerce de todo razoamento organizado. Dúbidas que expreso a través dalgunhas interrogacións directas:

Será verdade que hai unha maioría de intelectuais que está contra este proceso de cambio que vive o país? E, en caso de ser certo, (eu dubído) a eses intelectuais que se ven a si mesmos como maioría, non lles dá arrepío, non lles semella sospeitoso, conformar ese clan, estar nesa panda de pensamento uniforme ou unificado, co apoio dos grandes medios de comunicación e dos antigos poderes insepultos que tanto inflúen aínda na escena?

Pregunto tamén: Seica os intelectuais non teñen intereses? Será que eles non os teñen?

Por outra banda: Ter logrado ocupar un posto no ámbito público intelectual, (falo de sona, audiencia, acceso á opinión), seica é unha garantía de independencia e integridade pola súa parte?

E así como formulo estas preguntas, para min mesmo e para eles, atrévome tamén a deixar escrito o seguinte:

Ah, non, amigos, non se oían tanto a si mesmos, pois non semellan intelectuais, semellan xentiña.

Non acrediten todo o que vostedes digan uns a outros en círculos cada vez máis pechados. Deixen a rutina fácil do prexuízo e a preconcepción, que cada vez lles fai máis dano e os desafina máis. Saiban que, como calquera fillo e veciño neste país, vostedes o que están a facer simplemente é tomar posición, nin máis nin menos. E nin os seus xeitos nin os seus talentos creativos son argumentos válidos e suficientes para avalar esa posición tan cuestionábel.

Deixen, por iso o autoeloxio, o eloxio mutuo, e a complixidade. É dicir, deixen de lado a medianía que hoxe os empantana. Arrisquen un pouquiño. E, sobre todo, poñan a un lado as motivacións subalternas. Xunto coa razón, unan o corazón á ollada e miren cara a un país que vive alén da «gallera¹» de vostedes.

En todo caso, e iso sería de agradecer, fáganse independentes de verdade e non simuladores de independencia.

Digo, vostedes, que presumen de independencia.

Non eu, que son chavista, e que non teño problemas por iso. Que son chavista e que o sería aínda que estivese só nisto. Porque fun chavista toda a vida, aínda antes de coñecer o presidente. Porque non me importa mergullarme no río da xente e nadar nel. E iso é ser chavista. Porque cos pobres da terra, quero eu a miña sorte botar. E iso é ser chavista.

Porque non me afecta estar en minoría, cando creo estar no correcto, e iso é ser chavista. Nin tampouco, desde logo, me preocupa formar parte da inmensa marea do pobo, tal como agora acontece, en realidade. E iso é ser chavista. Porque non me poden mercar con nada, absolutamente con nada, e iso é ser chavista, nesta etapa, en Venezuela. Porque trato de utilizar a capacidade de pensar, non para dilucidar as verdades aparentes, senón as verdades profundas. E iso é ser chavista.

Porque non son fascista, senón que combato o fascismo que asoma polos predios da oposición e que mostrou o seu rostro nos días de abril. E iso é ser chavista.

Porque non renuncio a reflexionar libremente, a ver con tento, e a actuar con xenerosidade, e iso é ser chavista.

Porque coñezo máis ou menos ben as escuridades do poder real do cal procede a inxustiza, neste país e en todos os países, e loito contra el. E iso é ser chavista.

Porque non como contos de camiño, e digo con León Felipe que xa sei todos os contos. E iso é ser chavista.

Porque non son populista, como o foron todos, sen excepción, os que manexaron o país durante corenta anos, senón que estou co pobo e son parte do pobo. E iso é ser chavista.

Porque non salto cancelas, nin me desdigo, nin me contradigo. E iso, para min, neste momento moi particular da nosa vida, é ser chavista.

Porque considero que moitas das razóns de Bolívar, gran parte das súas propostas e, desde logo, absolutamente o seu exemplo, seguen vixentes para nós. E iso é ser chavista. E ademais, por suposto, porque estou con Chávez, coa confianza en que el non vai traizoar as esperanzas dun pobo.

Así de sinxelo, nesta tranquila mañá de domingo e na mañá que vén, e en todas as que faltan, mentres refacemos a patria.

Dando por certo que somos multitudes.

Valores

1

No medio da vertixe que estamos a vivir, sento a pensar sobre a intención derradeira do proceso de cambios. Tento precisar cá é o grande obxectivo estratéxico deste proceso. Con tanta auga como pasou baixo as pontes das revolucións ao longo do século XX, coído que paga a pena preguntar: A que tipo de sociedade aspiramos?

De modo que escribo estas notas co fin de aclararme a min mesmo o sentido profundo dos feitos políticos que están acontecendo en Venezuela neste paso de século. Espero que elas dean fe dos valores que quixésemos que predominasen na sociedade que estamos a construír.

Dalgunha maneira, eses valores poderían ser considerados os alicerces espirituais sobre as que se deseña o proxecto de transformación.

2

Comezo por dicir que acepto sen complexos e con orgullo a miña condición de intelectual chavista.

Sono en canto recoñezo un liderado, o do presidente Chávez, pero tamén en canto ese cualificativo me irmanda con amplos sectores da poboación que teñen neste proceso a única posibilidade de dignificar a súa vida.

Eses sectores, até o de agora empobrecidos e marxidados, son chavistas porque senten que Chávez os expresa. E cadro con eles.

3

O chavismo é, pois, unha vontade de transformación. Alén dos acertos e erros, das idas e voltas, dos tropezos no camiño, da fragilidade das euforias e, mesmo, das dúbidas nor-

mais de toda experiencia complexa, entrañada de dificultades, o chavismo é, sobre todo, unha consistente decisión popular de impulsar cambios irreversíbeis.

4

Acompañamos eses cambios entendendo que as súas contradicións son a parte de vida que entre todos achegamos. Pois os procesos políticos están feitos da mesma lama que os seus homes e mulleres. Desenvólvense coas súas imperfeccións. Tamén coas súas virtudes.

E esta virtude extraordinaria que é a disposición e o atrevemento a renovarse, a refacerse é, en definitiva, a garantía de que todo vai saír ben. Non se trata dunha ilusión. Trátase dunha esperanza moi concreta soportada sobre as nosas propias forzas, as forzas da xente común.

5

Que valores reclamamos como nosos no gran balbordo social que estamos a vivir?

Cito algúns:

Espírito revolucionario, sentimento de equipo, racionalidade, visión estratéxica, respecto na diversidade, paixón pola xustiza, inclinación á beleza, predilección pola verdade, valoración da memoria colectiva, sensibilidade social, desprendemento, conciencia da produtividade.

Tento describilos.

6

Espírito revolucionario.

Isto é, adición ao cambio, á transformación creadora, á constante procura dun mellor escenario para as relacións humanas. Na comprensión de que a vida é un permanente fluír e que os vieiros por onde esa vida transcorre son, en boa

parte, unha construción humana que debe ser revisada e readaptada en toda hora.

Unha sociedade revolucionaria é unha sociedade esperta, activa, dotada dunha rebeldía que non lle permite, no caso dos seus éxitos, adormecer sobre os loureiros, pero a que tampouco afectan tanto os fracasos coma as derrotas, sobre as cales pode sempre redimensionar o camiño.

7

Sentimento de equipo.

Isto é, entendemento de que a vida social, no seu conxunto e nos seus detalles, é obra dun colectivo que vén actuando e deixando a súa pegada desde a orixe dos tempos. Entendemento e consecuente posta en práctica desa idea esencial. Decatarse da capacidade multiplicadora do esforzo concibido e realizado en colectivo, sen que iso contradiga a iniciativa nin a responsabilidade individual senón que, xustamente, as potencie aos máis elevados niveis.

Unha sociedade con sentimento de equipo é unha sociedade integrada, que non permite as exclusións nin a marxina-
ción.

8

Racionalidade.

Isto é, humanismo concibido e exercido con intelixencia e pensamento lóxico. A aversión a todo o que signifique escuridade buscada, que poida devir en escurantismo. É o sentido común practicado en colectivo, o gusto polo razoamento cunha boa dose de pensamento escéptico. O cal non equivale a renunciar de maneira ningunha á valoración de todo o poético que poida haber na relación entre o humano e a natureza, senón todo o contrario.

Unha sociedade racional constrúese a si mesma con grande equilibrio e sabedoría.

9

Visión estratéxica.

Isto é, capacidade para visualizar o porvir, a grandes trazos, para saber construílo. Co fin de non deixalo ao chou, en previsión de que o azar non sempre puidese traer un futuro conveniente. Esta virtude social ten como soportes a intelixencia, a imaxinación e a cultura profunda, é dicir, o coñecemento da realidade onde nos movemos. Nútrese desa realidade pero non a acepta tal como é, se non que procura deducir dela o mellor dos futuros posíbeis.

Unha sociedade con visión estratéxica é dona de si. Mantén o rumbo. Sabe onde vai. Non escoita cantos de serea.

10

Respecto na diversidade.

Isto é, tolerancia polo alleo, comprensión e aceptación de que a cultura é múltiple e plural. Ausencia, por conseguinte de todo fundamentalismo na condución da vida pública, de todo fanatismo, de todo dogmatismo, de toda imposición moral, de todo racismo, de todo privilexio étnico. Esta virtude pode enunciarse simplemente como o do amor ao próximo. Aínda que a palabra respecto é máis precisa e máis contundente. Isto serve para as relacións internas e para as relacións internacionais.

Unha sociedade que se acepte diversa é unha sociedade sa, sen complexos, e ben disposta a calquera relación que poida ser formulada.

11

Paixón pola xustiza.

Ou, o que é o mesmo, rebeldía constante ante a inxustiza, para non aceptala nin no pequeno nin no grande. Facer desa paixón pola xustiza o fundamento de todas as relacións humanas, a base mesma de todo o que se edifique en conxunto. Unha sociedade inxusta é unha sociedade minada por contradicións insoportábeis que non lle permiten avanzar en paz.

Unha sociedade que se recoñece na xustiza é, pola contra, unha sociedade onde paga a pena vivir.

12

Inclinación á beleza.

Isto é, afinación permanente dos valores estéticos individuais e colectivos para construír unha vida común cada vez de maior plenitude e satisfacción. Isto pasa por unha elevación espiritual constante de todos e cada un dos cidadáns. E pola procura sen acougo da máxima creatividade en todas as accións e en relación con todos os obxectos.

Unha sociedade que busque a beleza, que a acepte nunha dimensión humana, e que faga diso un valor compartido extensivamente, gozará moito máis da alegría de vivir e aceptará con maior dignidade as dores e os contratemplos da existencia.

13

Predilección pola verdade.

Isto é, conciencia plena da importancia do coñecemento verdadeiro, sen sombras nin claroscuros, verbo a vida dos homes e verbo a marcha do mundo. Para facer que cada paso deixe pegada sobre o máis firme dos terreos. Para que cada acción estea cargada de contido. Na aceptación de que a verdade establecida como acordo, non é algo que naza de imposición ningunha, senón dos argumentos mellor sustentados.

Unha sociedade que ame a verdade e aborrezca a mentira será unha sociedade transparente, xenuína, no mellor dos sen-

tidos. E, por conseguinte, será unha sociedade onde se fará máis difícil a existencia dalgún tipo de opresión.

14

Valoración da memoria colectiva.

Apreciación de nós mesmos. Vale dicir valoración do patrimonio común, material e espiritual, que nos conecta coa nosa historia e coa historia dos outros pobos. Sentido da comunidade, con conciencia plena das semellanzas e diferenzas con outras comunidades. É dicir, conciencia da propia identidade. Respecto por cada unha das pezas que integran a memoria. Respecto pola integridade de todas elas.

Unha sociedade que lle dea valor á súa memoria colectiva, non incorrerá en erros pasados, non percorrerá camiños xa andados e, sobre todo, non se despersonalizará.

15

Sensibilidade social.

Tamén poderíamos dicir sentido da compaixón, enriquecendo e complementando o sentido da xustiza. É dicir, saber-se pór no lugar dos outros, para sentir os seus problemas e identificarse con eles. É a virtude social contraria ao vicio do egoísmo ou individualismo. É precisa para que o equilibrio se poida dar con naturalidade. Unha sociedade onde a sensibilidade social sexa un valor de todos os seus membros non coñecerá a indignidade nin a miseria.

16

Desprendemento.

Isto é, xenerosidade, desinterese persoal, vontade de entrega, postos ao servizo da felicidade colectiva. Fai de contrapeso á debilidade. Límalle as arestas ao exercicio do poder e ás súas consecuencias. Ten a característica de ser unha virtu-

de contagiosa. Unha vez que o desprendemento se apropia da escena, dificilmente pode ser expulsado.

Unha sociedade desprendida goza máis da vida en termos esenciais. Atopa máis sabor na sinxeleza das cousas.

17

Conciencia da produtividade.

Isto é, comprensión do sentido da riqueza como produto do esforzo colectivo. Adicción ao pensar e ao facer, compeñados como un todo. Amor ao método, ao proceso, pero tamén ao obxecto, ao resultado. Valoración do traballo creativo como soporte do lecer tamén creativo.

Unha sociedade con conciencia produtiva é unha sociedade que derrotou de antemán a pobreza.

18

Ao servizo destes valores, e doutros semellantes que quixera saber compartidos pola maioría da xente, desprezo no meu caso a contribución grande ou pequena que a cada un lle toca facer na súa área de actuación.

Non estou a falar das miserias da política. Non estou a falar da mesquindade dos intereses grupais ou partidistas. Pola contra, fágoo en relación á oportunidade de refundar un país, de recompor unhas relacións sociais, de converternos, sen complexos, nunha referencia para o mundo, deixando atrás a opresión, a pobreza, a ignorancia e a inxustiza profundas que aínda viven entre nós.



Por que son chavista?

Segunda parte: de que se trata todo isto?

Nos meses seguintes ao golpe de estado de abril de 2002, escribín un pequeno libro titulado *Por que son chavista?*

Nel tentei de explicar con palabras sinxelas os motivos polos que o meu corazón e a miña mente estaban comprometidos co pobo venezuelano no seu proceso liderado polo presidente Chávez. Aínda que máis tarde me tocou exercer algunhas tarefas de goberno, nese intre non era funcionario público. Agora tampouco o son.

Así que, dende a marabillosa sensación de absoluta liberdade persoal, achei oportuno volver razoar ese compromiso de vida, para compartir ese razoamento con algunhas persoas de boa vontade que aínda puidesen estar confundidas, se é que esa oportunidade existe. Púxenme á tarefa de coprenderme a min mesmo baseándome na pregunta esencial: De que se trata todo isto? As seguintes liñas tentan debullar unha resposta

1

Cando tiña dezaseis ou dezasete anos, comecei a sentirme como alguén de esquerda.

E dende aquela seguín así.

Transcorridos xa cincuenta anos, e sendo testemuña de tantas cousas, non variou no esencial a miña noción do mundo ou, mellor dito, o punto de vista a partir do cal construí unha posición ética e política.

Pódese dicir que manteño indelével o pulo orixinal e síntome contento co que penso e o que fago.

Milito na esquerda con fachenda. E dígame a min mesmo, mentres escribo estas notas, que non podería facer outra cousa, salvo que quixese entrar en contradición coa miña vida enteira.

Por iso son chavista. Por iso son bolivariano. E por iso traballo en impulsar as políticas da revolución coas que estamos intentando transformar a sociedade e o país. Porén, ao longo destes anos aconteceume unha cousa moi curiosa en relación coa xente do meu ámbito con pensamento conservador, que non é pouca no medio en que me movo. E é ver como pasaron da tolerancia amigábel e paternalista do pasado ao rexeitamento máis ou menos explícito do presente.

Antes, durante os tempos da IV República, esas persoas próximas aceptaban a miña posición de esquerda sen maior problema. É dicir, admitían a posibilidade de que no abano da diversidade houbera un punto de vista coma o meu. Supoño que pensaban que, así como existen persoas que con todo dereito son vexetarianos, nudistas ou espiritistas, ou pertencentes a quen sabe cantas relixións e grupos con diversas afeccións ou crenzas, era lóxico que houbera xente con talante de esquerda. Pois o mundo debería dar para todo.

Aínda que me vían con certa conmiseración (Farruco é así), non tiñan maior inconveniente en aceptarme tal e como eu era. Xa que logo, cando chegabamos ao escenario real da política, o teito electoral da esquerda en Venezuela era do 10%. De maneira que non tiñan por que preocuparse. O universo dos seus hábitos non estaba en perigo.

Hoxe, como dixeran, xa non demostran esa comprensión civilizada. E saben por que? A resposta é sinxela: porque as ideas de esquerda conquistaron o poder político no noso país.

E iso, para eles, é inadmisíbel.

Aquí a refinada tolerancia desas persoas rematou, porque unha cousa son ideas de esquerda na oposición, adobiando o espectro democrático, e outra cousa son ideas de esquerda no goberno, dirixindo o país e mudando a sociedade. Para eles isto último non se pode aceptar.

Sinxelamente non están dispostos a consentir tal desatino.

Agora ben, a maioría deles non son burgueses nin oligarcas. Non dispoñen de grandes fortunas. Non teñen, creo eu, ningún interese maior que defender, salvo a súa ideoloxía conservadora. É xente, coma un, relativamente modesta nos seus ingresos familiares. Uns máis que outros, pero todos por aí, máis ou menos, pertencentes ao que adoita denominarse clase media.

E non obstante, o odio e a carraxe céganos. Non contra min especialmente, senón contra todos nós, os que avalamos esta prodixiosa aventura da revolución e participamos nela.

Non parecen comprender nada. Non admiten nada. Converteron o seu pensamento conservador nunha única idea fixa: saír de Chávez, acabar coa revolución.

Creo que teñen medo.

Pero, por que? Que teñen eles que perder?

Que defenden eles? Que defendemos nós?

Cal é o punto de conflito?

De que trata todo isto?

Iso é o que queredría explicar hoxe, por se entre eles hai aínda algúns que poidan manter certa lucidez e un pequeno vencello de conexión coa razón.

Para esas persoas escribo.

E comezo polo asunto da vergoña, porque é o tema que, polo menos no caso meu, está na orixe da miña posición.

Vergoña por certa condición do mundo en que vivimos: aquela que mantén como algo natural a existencia de clases sociais. A min isto apesárame.

Imos ver se me explico.

2

Falemos da escravitude por un momento.

Situémonos nun pasado non tan afastado. Refírome a 1880, o ano en que naceu o meu avó, Juan Novás. Non hai tanto tempo, non é?

Pois ben, cando o meu avó veu ao mundo a escravitude aínda era legal en Cuba (baixo dominio español) e no Brasil.

En Cuba foi abolida en 1886 e no Brasil en 1888.

En Estados Unidos en 1865, apenas quince anos antes de nacer o meu avó.

En Venezuela foi once anos antes, en 1854.

Todo iso dáme unha vergoña arrepicante. Non só a min, dende logo, senón a todos nós. É algo inimaxinábel. Pensar que, nunha época tan próxima, millóns de persoas podían ser compradas e vendidas como mercadorías non é algo do cal a humanidade se poida sentir particularmente orgullosa.

Persoas que non eran donas de si. Nenos que xa nacían legalmente escravos cun propietario que dispuña deles ao seu antollo. É algo hoxe moi difícil de comprender. E de aceptar, sen baixar a vista pola vergoña.

Pero durante miles de anos de desenvolvemento da humanidade, a escravitude foi vista como algo normal, dentro da orde das cousas.

Moitos reis ou poetas, santos, científicos ou bispos, foron donos de escravos. Mercaban e vendían xente ou, cando menos, convivían con esa práctica. A idea en si mesma non os escandalizaba. Estaban totalmente afeitos a ela.

Víana como algo lóxico. E, ademais, era un sustento importante da economía. Tanto a captura e tráfico de escravos como a súa utilización nas empresas ou propiedades. Millóns de persoas de todas as idades foron un día capturadas de súpeto, separadas da súa terra, da súa cultura e da súa familia e trasladadas como gando en condicións arrepiantes a través do océano. Iso no caso dos escravos de orixe africana que foron traídos a América.

Eu tiven a oportunidade de visitar a illa de Gore en Senegal, unha das máis importantes estacións africanas de exportación de escravos e percorrer aquelas aldraxantes instalacións que aínda se conservan para eterno oprobio da civilización europea. As bágoas amoreábanse nos meus ollos e tiña un insufribel nó na gorxa, ao percorrer os espazos onde «almacenaban» as persoas diferenciadas por sexo e por idade. Aquí agrupábanse os nenos, alí os homes novos, noutro ambiente as mulleres en idade de concibir, e así, encadeados, amoreados, aldraxados. Vin tamén a porta que daba ao mar, por onde saían cara ás barcas que os transportaban até os barcos negreiros. Miles e miles cada ano, así durante séculos. Moitos, como sabemos, non chegaban ao seu destino. Falecían no traxecto e eran botados ao mar.

Non eran persoas senón cousas. Non tiñan dereitos nin dignidade. Moito menos importaban os seus sentimentos. Estaban condenados.

E iso estaba acontecendo centos de anos despois de que Botticelli pintase o seu *Nacemento de Venus*, de que Gutierre

de Cetina compuxese o seu famoso madrigal *Ollos claros, serenos*, de que Descartes escribise as súas *Regras para a dirección do espírito*.

É máis, despois de que Darwin descubriese a evolución das especies e de que Karl Marx e Friedrich Engels editasen o seu *Manifiesto comunista*. É dicir, despois de que a intelixencia e a sensibilidade humanas alcanzasen altísimos niveis na área do pensamento e da creación.

Había escravos. Mercábanse, vendíanse, posuíanse. Herdábanse como calquera ben material. E o común da xente aceptábao como un feito normal.

Que vergoña, repito!

Pero por que trouxen este tema a colación? Que ten que ver a escravitude connosco?

3

Simplemente digo o seguinte:

Así como moita xente, digamos que unha boa parte da xente, podía convivir noutra época coa idea da escravitude sen que se lle fixese un burato na súa conciencia, do mesmo xeito hoxe case todos nós convivimos sen maior problema con algo que é igualmente abraiante indigno e, se nos poñemos a ver, indignante: a idea e o feito de que a sociedade está dividida en clases sociais.

E aceptámolo tamén como algo natural.

Clases? Si, clases, estratos, como as capas dunha torta, unhas arriba e outras abaixo. No nivel máis alto, os moi ricos. No nivel máis baixo, aqueles tan excluídos que nin sequera chegan a ser pobres. E no medio de ambos os extremos, unha estrutura de capas de diferentes cores e disposicións segundo sexa o lugar ou a sociedade da que esteamos a falar.

Iso é algo que o común da xente ve, ou adoita ver, tamén como algo habitual normal, que está na orde lóxica das cousas. Acéptano sen dificultade e nin sequera pensan que é algo espantoso. Non se lles ocorre cuestionalo. Pensan que sempre foi así e que así ha de seguir sendo.

Marx estuda o fenómeno e achega unha explicación ao respecto. E establece unha teoría onde relaciona a historia da humanidade coa historia da loita entre clases. E céntraa, no tempo en que viviu, en dous protagonistas antagónicos: a burguesía e o proletariado. Os donos do capital e os que achegan a forza de traballo.

Pero alén ou aquén Marx, o feito é que en case todo tempo e lugar da historia, a sociedade coñeceu divisións estruturadas, chamémoslles clases, estratos, estamentos ou castas.

O recoñecemento á existencia desas clases é o recoñecemento da desigualdade e, polo tanto, da inxustiza. Non importa o que digan os papeis. Non importa que as leis recoñezan ou non a existencia de clases. Se a realidade a recoñece, iso é o que vale para todos os efectos.

De modo que tal cousa, a existencia de clases, é moralmente inaceptábel. Díxose que calquera de nós, baseándose no esforzo persoal, sorte e talento, pode deixar atrás a súa condición orixinal e ascender a outra clase considerada superior.

Ao respecto hai que dicir claramente que, en primeiro lugar, iso é unha ilusión para a inmensa maioría dos seres humanos que non teñen ningunha posibilidade de mudar a súa pertenza a unha clase.

Pero, en segundo lugar, e isto é o máis importante, tal logro individual, de se producir, non significa nada en termos de humanidade. É como se antigamente se dixese que calquera escravo, baseándose en méritos persoais, podía deixar de selo e adquirir a condición de cidadán libre. E que? Que

pasa con iso? En que muda tal cousa a inxustiza estrutural que acepta a escravitude como algo normal?

Do mesmo xeito, o feito de que un obreiro entre un millón poida rematar en burgués propietario de capital, se é que a sorte o bendí, non significa ren en termos de clase. Toda a clase traballadora non se pode converter en clase burguesa. Porque a existencia dunha implica a existencia da outra. Están en oposición dialéctica. Necesítanse mutuamente para existiren.

Alguén pode escapar da súa condición, pero o conxunto da clase non pode. Velaí o punto.

Ese é o centro do problema.

4

Cal é o problema?

É de orde ética.

Eu formularíao baseándome nunha pregunta: Vostede acepta como algo natural e xusto a constitución da sociedade en clases ou estamentos sociais, cuxa pertenza está fixada para a persoa, en termos xerais, dende o intre mesmo do seu nacemento? Aquí é evidente que só hai posibilidade de dúas respostas e moi precisas. Non caben posicións ambiguas.

Unha das respostas é: si, si o acepto, como algo natural e xusto.

A outra: non, non o acepto, porque non é natural nin xusto.

Baseándose na resposta, xa podemos deducir se quen a ofrece ten un pensamento político conservador ou se o ten progresista.

Se lle parece natural e xusta a existencia de clases sociais (ou polo menos non altera a tranquilidade da súa conciencia), daquela podemos deducir que a persoa ou institución é conservadora. Así o é até a medula a Igrexa Católica, así son os

partidos políticos de dereita, así a oligarquía directamente beneficiada por un estado de cousas, e así tamén algunhas capas, sectores ou persoas que funcionan coa ideoloxía do opresor, posto que de tal xeito foron sometidos e condicionados na opresión.

Gústalles o mundo como é e tratan de mantelo así.

Se, pola contra, non lle parece natural nin xusta a existencia de clases, daquela á persoa ou institución que ofrece esta resposta chamariámoslle progresista. É dicir, entenderíamos que non lle parece ben como é o mundo e trata de mudalo. Así temos, por exemplo, a vangarda da clase obreira, así os intelectuais e artistas que converteron os seus coñecementos e sensibilidade en conciencia, así os partidos políticos de esquerda, así a maioría dos activistas polos dereitos humanos, así o sector da Igrexa católica que pertence á Teoloxía da Liberación e leva á práctica o humanismo cristián.

Uns defenden a sociedade tal como é, e mesmo tratan de facela retroceder en certos aspectos. Os outros intentan cambiala ou, polo menos, son partidarios de que mude.

É así de simple, visto a grandes trazos.

Preséntanse dous campos e cada un elixe.

Einstein, por exemplo, declárase socialista e Picasso foi militante comunista toda a súa vida, o mesmo que Neruda.

Vargas Llosa, pola contra, pasa da esquerda á dereita. Prefire a opción conservadora. Son eleccións individuais, moi persoais. En cada caso representa unha toma de posición fronte ao mundo.

Claro que, detrás desas eleccións, hai unha cantidade de cousas en xogo. Pero ao final, nun exercicio de redución ao límite, ese é o punto clave, a pedra que sostén o arco. Estás ou non estás conforme coa división da sociedade en clases, castas ou estamentos?

Esa é a pregunta.

(Fago a anotación de que, ao meu xuízo, a indiferenza alíase coa dereita: pertence tamén á dereita pola súa relación de complicidade).

5

Unha conversa.

A min gustaríame facerlle esa pregunta a cada unha das persoas que coñezo por separado, pero tamén a todas xuntas en colectivo se iso fose posíbel. Porque a partir das súas respostas poderíamos, ou non, continuar unha conversa.

Con aquelas persoas ás que lles gusta o mundo así como está, dividido en estratos dispostos verticalmente, non habería moito que facer, é dicir, non habería moito que conversar, porque me é difícil conciliar e chegar a un entendemento con xente que ten éticas e sensibilidades tan distintas á miña. Realmente con elas a única posibilidade de conciliar é a través da lei, coa clara conciencia de que se esas persoas son as que mandan, farán as leis de tal xeito que a súa visión clasista se manteña (como o fixeron sempre), pero que se os que gobernamos somos nós, nos tocará facer leis que favorezan a nosa propia visión do mundo, que denominamos visión humana ou humanista, tal como estamos tratando de facer.

No fondo é un asunto democrático.

Con aquelas persoas ás que non lles gusta a realidade tal como é, ou tal como está, con elas si poderíamos iniciar ou continuar unha conversa.

A partir do entendemento de que formamos parte dun mesmo grande equipo, o equipo rebelde contra o mundo, o equipo insurxente, o dos que non están contentos co xeito en que a sociedade está estruturada, disporíamonos a seguir formulando preguntas na procura das respostas axeitadas.

Outras interrogantes veñen, daquela, á mente:

Pódese facer algo para mudar o mundo ou, polo menos, para mudar a sociedade e o país a que un pertence, con miras a eliminar a inxustiza estrutural?

Paga a pena meterse nesa aventura ou polo menos apoiála, aínda que sexa coa máis humilde das opinións e o exercicio sinxelo do voto? É posíbel convivir coa inxustiza sen facer ren?

Cales camiños se nos ofrecen? Cales son? Como son? En que se diferencian entre si? Que propugna cada un?

Na contestación a estas novas preguntas está a explicación sobre a diversidade de formas que asume a política progresista (ou de esquerda) do noso tempo, segundo os lugares, segundo as circunstancias, segundo os puntos de vista particulares ou sectoriais.

Se alguén quere entender a política, trate de encaixar alí as distintas opcións que se ofrecen enriquecéndoas, ademais, con outras consideracións complementarias: a loita contra o imperialismo, a loita contra o neocolonialismo, a loita contra a discriminación racial, cultural ou de xénero, a loita polo medio, a loita pola soberanía dos pobos, a loita pola paz, por destacar algunhas das máis importantes.

Pero no fondo, dígoos unha vez máis, todo pode reducirse á gran loita por unha humanidade igualitaria, onde a dignidade de todos os homes e mulleres, de todos os colectivos e de todas as culturas, sexa respectada.

Estamos a falar, para entendernos, nada menos que do dereito á felicidade colectiva, unha felicidade que pasa, en calquera caso, pola eliminación da división en clases. E iso, nos tempos modernos, só é posíbel mediante a abolición do capitalismo. Outro modelo debe xurdir.

6

Resumo (a moi grandes trazos) algunhas respostas ou

opcións presentes entre nós, é dicir, na sociedade venezolana actual. Destacamos catro delas, esquematizadas e debulladas na súa condición máis pura.

Cítoas: a revolución como opción moral, a revolución como situación intensa de mudanza, a revolución relentizada ou transformada en evolución e a revolución de movemento que prescinde do Estado.

A primeira delas, a revolución como opción moral, está moi ben representada pola tese cristiá. Na visión cristiá verdadeira, a opción para constituír un mundo mellor é individual. Ten que ver cunha posición ética que se asume persoalmente. Na medida en que cada un de nós cumpra o mandato de amar os demais como a si mesmo, nesa medida poderemos ir vivindo en comunidade. Pero na tese cristiá non se formula unha solución estrutural. Como o reino non é deste mundo, o factor tempo non adoita importar demasiado. A transformación asúmese como un acto de amor, como unha forma de vida que debe xeneralizarse.

Iso por si mesmo non se traduce directamente ao campo político de xeito organizado e estratéxico. Todo o máis, evidénciase de xeito conxuntural na loita directa contra as situacións de inxustiza. Hai que dicir que os cristiáns máis auténticos adoitan achegar unha enorme capacidade de sacrificio nestas loitas puntuais.

A revolución como situación intensa de mudanza está ben representada na visión marxista clásica (lembrems que este é un resumo moi xeral) Nela un sector da poboación, unha clase social, toma o poder e dende alí, en moi pouco tempo, produce as mudanzas necesarias.

A cousa vén sendo así. A parte do recoñecemento da existencia das clases e de que o Estado é o instrumento de opresión da clase dominante sobre as outras. Dicimos que até agora, ao longo da historia, todas as clases que ocuparon ese

papel de dominio fixérono coa idea de que o mundo estaba ben así como era e que, en consecuencia, debía continuar así para sempre. Concibían a orde piramidal onde elas se situaban arriba como a orde natural da sociedade. Dende o cumio, independentemente das formalidades políticas, exercían un papel que o marxismo clásico non dubida en cualificar de ditadura.

Así se fala da ditadura da burguesía na nosa época, dalgúns séculos para aquí.

A burguesía dona do capital exerce o papel de clase dominante na maioría dos países controlando (polas boas ou polas malas, segundo sexa o caso) o poder político e os poderes lexislativo, financeiro, económico produtivo, mediático, militar e cultural, por citar os máis importantes. Como a súa intención é perpetuar o seu dominio, mostra por todos os medios o seu universo social (o universo onde ela exerce o seu dominio) como o máis natural, libre e civilizado dos mundos posíbeis.

No marxismo ortodoxo establécese que, para construír ese mundo mellor, debe acceder ao poder a clase antagónica principal da burguesía, isto é, a clase traballadora. Pero que, a diferenza das outras oportunidades históricas onde unha clase nova emerxente chegaba ao poder para exercer o seu dominio en forma permanente, esta vez non o faría para se perpetuar senón para desmontar a sociedade de clases. Así, na visión marxista, a clase traballadora exerce a súa «ditadura» (isto é: o seu dominio como clase) temporalmente para disolverse a si mesma e a todas as demais clases e construír dese xeito unha sociedade igualitaria. Diso trata a famosa «ditadura do proletariado» como concepto oposto e substitutivo á ditadura da burguesía.

Nesa visión, a caída da burguesía e o ascenso dos traballadores, co consecuente cambio do Estado de dereito existente

por un novo Estado de dereito, prodúcese mediante un evento político radical e intenso que adoita chamarse revolución.

Ao se disolveren as clases, nun futuro non moi afastado, o Estado non tería razón de ser e sería, pola súa vez, disolto. Imaxinámonos daquela un mundo de comunidades organizadas ao cal ben se lle pode chamar comunismo. Os intelectuais da burguesía adoitan referirse a el como unha utopía irrealizábel. (O fracaso dalgunhas experiencias socialistas no século XX onde, en termos xerais, o concepto de dominio dunha clase foi substituído na práctica polo dominio dun estamento burocrático que usurpaba o poder en nome do pobo adoita ser utilizado para reafirmar esa categoría de utopía irrealizábel.)

A revolución relentizada e transformada en evolución está ben representada na opción socialdemócrata. Podémola denominar, para entendernos, pensamento socialista non radical, isto é, que non intenta mudar as cousas de «raíz» indo ao fondo dos feitos mediante unha revolución, senón que imaxina e prefire unha situación de cambio lento, moi lento ás veces, que non produza crises sociais.

Digamos que aposta máis á evolución que á revolución.

Nunha especial convivencia coa burguesía, intenta avanzar nas conquistas sociais e políticas, pero rexeita meterse a fondo nos asuntos económicos e moito menos nas contradicións entre clases. Antes ben, procurou sempre suavizar esas contradicións. Non demostrou que pode erradicar a inxustiza estrutural (en realidade non parece intentalo) pero, nalgúns lugares, cando lle tocou gobernar, logrou relativos éxitos na elevación da calidade de vida.

Dentro desta categoría hai unha innumerábel variedade de opcións e experiencias. A revolución de movemento que prescinde do Estado provén ideoloxicamente do pensamento anarquista e ten as súas múltiples formas de expresarse. No esencial todas esas formas coinciden na intención de deixar

de lado, dunha vez por todas, o aparato estatal, identificado coa burocracia e coa xerarquía, evitando a toma e o manexo do poder.

Vén ser como se decretásemos dunha vez a sociedade sen clases e procedésemos en consecuencia, en lugar de construí-la por medio dalgún instrumento de transformación ao longo dun determinado tempo e co apoio do poder político que dá o goberno. Un anarquista puro non cre no Estado nin o acepta. Parece non confiar no poder constituído senón só no poder constituínte. Para el o Estado, na súa condición de instrumento de opresión dunha clase sobre as outras, é un inimigo.

Cre unicamente na organización do poder das comunidades e pon todos os ovos nesa cesta. En certo sentido, a política é como a cociña profesional. A partir duns cantos mollos básicos, por combinacións entre si e con outros e diversos ingredientes, sae o infinito universo dos mollos.

Quero dicir con isto que, a partir destas catro grandes posicións estratéxicas, poden conformarse o espectro real dos partidos e movementos sociais nas súas loitas por transformar a vida.

7

A Revolución Bolivariana

O caso de Venezuela é moi particular porque, ao meu xuízo, estas catro categorías de pensamento de esquerda están presentes na nosa revolución e, até o momento, lograron convivir sen maior problema.

O espírito unitario invocado por Chávez fai que elas poidan interactuar entre elas baixo o seu liderado.

Aínda que seguramente a batalla de ideas no seo da revolución irá perfilando o camiño cada vez con maior precisión.

Até agora, aínda que non sei se a frase está correctamente usada, atreveríame a falar de sincretismo ideolóxico e político.

Nese sentido non é doado definir e precisar cal é o corpo de ideas coherentes que lle dá soporte á nosa revolución. É preferíbel, compaxinándoo co que vemos, facer unha síntese a partir dos propios criterios expresados polo presidente Chávez que, eles si, son dunha absoluta coherencia e marcan xa unha tendencia irreversible.

En primeiro lugar, debemos salientar, nas súas aspiracións esenciais, o carácter socialista desta revolución. Chávez dixo unha e outra vez: «*É o modelo capitalista perverso que aínda temos aquí, pero que iremos desmontando pouco a pouco, porque o camiño noso vostedes xa saben cal é, o socialismo, ese é o camiño de Venezuela, para este século, un socialismo fresco, un socialismo novo, un socialismo social, moral, político, económico.*» (H. Ch. 19 de novembro de 2005)

Se non fora senón iso, unicamente iso, eu estaría gañado para esta revolución. Porque un proxecto que se define socialista e anticapitalista é obvio que quere, dalgún xeito, crear unha sociedade igualitaria onde as clases sociais simplemente deixen de existir como tales.

A partir desa intención expresa, xa eu fago miña a revolución. Acho que paga a pena xunguir á súa sorte a sorte propia.

Por iso, sete anos despois de escribir *Por que son chavista?*, sigo sendo. Cada vez mais chavista. En segundo lugar, a nosa revolución ten unha característica moi particular, que a diferencia de moitas outras. E é que, ao mesmo tempo que reafirma a vontade de producir mudanzas radicais e sostidas, aclara que non procura producilas pola forza nin pola imposición dende o poder, senón pola vía do convencemento.

O presidente Chávez tamén insiste niso. Unha e outra vez menciona que a nosa revolución é pacífica e democrática.

Dende un primeiro momento quedou claro que Chávez procura levar a cabo a transformación profunda do Estado de dereito (que toda auténtica revolución exige) dende o propio Estado de dereito existente. Non se desmonta un e se instaura outro pola vía dos feitos consumados, senón que é a partir das regras de xogo existentes como imos abrindo o camiño a novas normas e leis.

O proceso constituínte de 1999 foi un proceso exemplar. Por primeira vez unha constitución é discutida en todo o país por millóns de persoas e logo aprobada en referendo.

E esa foi en todo momento a actitude do Goberno revolucionario. Avanzar o máis rapidamente posíbel, dentro das limitacións da realidade, pero apoiando ese avance na vontade do pobo. Non hai un só exemplo ao longo destes dez anos que demostre que o Goberno violou a lei conscientemente. Exemplos contrarios sobran, como cando o Tribunal Supremo de Xustiza determinou que en abril de 2002 non houbera golpe de Estado, co cal impediu que os seus actores principais fosen xulgados por iso. O Goberno respectou ese ditame a pesar de que, obviamente, non o compartise.

Anteriores experiencias similares de gobernos de esquerda que se perfilaban exitosas á hora de facer as mudanzas sen violentar o estado de dereito, como a de Allende en Chile, foron rematadas pola forza. Porque á burguesía non lle interesa a lei senón os intereses que con ela defende. Con iso vimos espida a existencia real da súa ditadura. Para a burguesía toda idea de mudanza é admisíbel mentres só sexa unha idea e sirva como enfeite á democracia. Pero deixa de ser aceptábel cando esa idea intenta ser levada á práctica. Daquela a burguesía ensina os seus dentes e algo máis. Pasa directamente ao ataque e mata.

Iso aconteceu no caso da República Española en 1936 cando gaña as eleccións a Fronte Popular. Iso aconteceu en Chile

en 1971 co derrocamento de Allende. Iso sucedeunos a nós en 2002 co golpe de Estado de abril cando Chávez, a só tres anos de iniciarse no goberno, aínda non falara de socialismo nin de antiimperialismo. E iso mesmo está a suceder hoxe (en 2009) en Honduras.

Outra característica do noso proceso é que é sumamente aberto. Non ten un manual, unha cartilla que estableza de xeito predeterminado como hai que facer as cousas. Sabemos, certamente, onde queremos chegar. Pero ninguén presume hoxe de ter a fórmula máxica. De modo que as opcións están abertas, non só a un debate de ideas, senón á evolución das propias experiencias, para extraer delas elementos teóricos.

Chávez, ao referirse a este punto, adoita recordar unhas frases dunha intervención de Fidel na Universidade de La Habana en 2005: unha conclusión que tirei ao cabo de moitos anos, entre os moitos erros que cometemos todos, o máis importante erro era crer que alguén sabía de socialismo ou que alguén sabía de como se constrúe o socialismo.

Ao meu entender, esta liberdade de acción é extraordinariamente estimulante porque se presta para unha procura moi creativa e desprexuízada, sempre e cando os líderes do proceso, a través do debate público e de comisións especializadas de alto nivel, vaian ordenando e sistematizando ideas e experiencias propias e alleas para ir trazando con elas unha doutrina axeitada á nosa realidade económica, social e cultural.

Acho que dalgún xeito iso se está a facer, e pouco a pouco imos adxectivando o socialismo, precisándoo. Para iso a crítica e a autocrítica permanente son un factor indispensable. Outra característica do noso proceso, que o presente impulsa con moita forza, é a participación popular. Isto, por certo, é un mandato da Constitución aprobada en 1999 que define a nosa democracia como participativa e protagónica.

Participativa como un avance en relación coa democracia representativa. É protagónica no sentido de que establece que o pobo soberano, dono do poder orixinario, debe ser sempre o protagonista.

Trátase de que o pobo exerza ese poder, non só a través de representantes, senón que na medida do posíbel participe moito máis directamente na discusión e toma de decisións dos asuntos públicos.

Vén sendo como unha democratización da política. Esta deixa de ser unicamente un asunto de especialistas e profesionais, para pasar a ser un tema que involucra a toda a cidadanía.

Non contento con iso, o presidente fai permanente fincapé a todas as institucións gobernamentais na necesidade de transferir o poder ao pobo como unha das estratexias esenciais da revolución.

Por último, como a quinta condición particular deste proceso, hai que destacar o bolivarianismo coma un eixo ideolóxico. A razón de fondo para esa conexión coas ideas do Libertador, é atender á necesidade histórica de culminar o proceso de independencia que Bolívar iniciou e non puido concluír. En efecto, a súa famosa frase «Arei no mar» é un testemuño dramático do que todos sabemos, é dicir, que a independencia formal alcanzada nunca significou a liberación do pobo, a instauración dun reino de xustiza e a suprema felicidade social, pois os poderes públicos foron inmediatamente secuestrados pola oligarquía.

A idea de fondo, que no persoal a min me parece extraordinaria, e demostra a xenialidade política de Chávez é que, con Simón Bolívar como capitán, rematemos a empresa de liberación que agarda dende hai case douscentos anos.

O pobo teno moi claro. Hai un lema coreado por multitudes ao longo do continente que se fixo famoso: Alerta, alerta, alerta que camiña a espada de Bolívar por América Latina!

Simón Bolívar daquela convértese nun factor de unidade, nunha referencia, seica a máis importante. O seu pensamento anticolonialista, antiimperialista, presocialista e integracionista marca o camiño a esta revolución que se chama a si mesma bolivariana. Habería moitas outras cousas que dicir, pero acho que o importante está nestes cinco puntos: o carácter socialista, o carácter democrático e pacífico, o carácter antidogmático, o carácter participativo e o carácter bolivariano con todo o que implica.

Suficientes razóns para que, independentemente das idas e vindas, dos erros estratéxicos ou tácticos, confiando no pobo e no liderado de Chávez, participemos nesta prodixiosa aventura vital de intentar ese asalto ao ceo para traelo á terra. Sabemos que non é doado. Pero é o que paga a pena.

8

Unha última cuestión

Ninguén sabe como será o mundo do futuro. É imposible escribir a historia cara a adiante. Nos derradeiros séculos e particularmente na nosa propia época, o mundo conseguiu tales avances científicos e tecnolóxicos que é moi difícil saber cara a onde nos van conducir. Desde logo que as leis naturais impoñen os seus límites, pero aínda parece faltar un gran treito por percorrer até alcanzar eses límites.

Porén, o que constatamos é que, malia os logros tecnolóxicos, as guerras continúan, a fame segue a ser unha pandemia en moitas zonas do mundo e a inxustiza estrutural mantense en todas as partes ou en case todas.

O ser humano aínda non logrou construír sociedades onde a liberdade, a igualdade e a fraternidade conformen o espírito colectivo, máis con feitos reais que con palabras. Coa

agravante adicional de que o planeta comeza a pasarnos a factura, pois así como non soubemos resolver as contradicións entre nós, tampouco soubemos resolver as contradicións coa natureza.

Ante esa realidade e en vista de que non podemos visualizar o futuro, polo menos o que podemos intentar é axudar a construílo. E para iso temos que pensar un pouco máis na humanidade e, se cadra, un pouco menos nos nosos intereses particulares cando contradín a visión humana. Dío unha canción de Silvio Rodríguez que Chávez adoita citar: «*seamos un tilín mejores y un poco menos egoístas.*»

Trátase diso.

Trátase diso todo isto.

Por iso estamos aquí comprometidos en corpo e alma coa Revolución Bolivariana, axudándoa a superar as súas dificultades, axudándoa a superarse a si mesma para avanzar con forza polo camiño de construír o socialismo.

E xa que falamos de socialismo, gustárame adxectivalo para que se entenda ben a que me refiro. Dicirlles a vostedes que:

Se é aburrido, non é socialismo

Se é obrigado, non é socialismo

Se é excluínate, non é socialismo

Se é burocrático, non é socialismo

Se é gris e sórdido, non é socialismo

Se é represivo, non é socialismo

Se é censorador, non é socialismo

Se é fraccionalista, non é socialismo

Se é intolerante, non é socialismo

Se é capitalista, non é socialismo

Se é apoucado, non é socialismo

Se é irresoluto, non é socialismo

Se é irresponsable, non é socialismo

Se é lene, non é socialismo
Se é consumista, non é socialismo
Se é moralista, non é socialismo
Se é populista, non é socialismo
Se é electoralista, non é socialismo
Se é verticalista, non é socialismo
Se é belicista, non é socialismo
Se é racista, non é socialismo
Se é xenófobo, non é socialismo
Se é unha desfeita, non é socialismo
Se é clasista, non é socialismo
Se é irrealista, non é socialismo
Se é covarde, non é socialismo
Se é conservador, non é socialismo
Se é deslucido, non é socialismo
Se é corrupto, non é socialismo
Se é parvo, non é socialismo
Se é desatento, non é socialismo
Se é ineficaz e ineficiente, non é socialismo
Se é acovardador, non é socialismo
Se é violador de dereitos, non é socialismo
Se é cosmético, non é socialismo
Se é superficial, non é socialismo
Se é alienante, non é socialismo
Se non é espiritual, non é socialismo
Se non ten rumbo, non é socialismo
Se é dogmático, non é socialismo
Se é hipócrita, non é socialismo
Se é mentireiro, non é socialismo
Se é arrogante, non é socialismo
Se é elitista, non é socialismo
Se é estragador, non é socialismo
Se é irritante, non é socialismo

Se é inflexíbel, non é socialismo

Polo menos, non é o meu socialismo, o que eu procuro, polo que acho que paga a pena pór a propia vida en tensión e arriscalo todo.

Para construír un mundo igualitario sen ningún tipo de explotación nin discriminación.

Farruco Sesto

13 de outubro de 2009



As seis bandeiras sobre o outeiro cultural

Cadernos para a comuna, 12.11.09

Presentación

Hai uns cantos anos, comezando a década dos noventa, reunímonos Alí Rodríguez e eu coa tarefa de formular unha proposta de goberno que lle servise de alicerce a unha candidatura presidencial que, nese intre, supoñiamos revolucionaria.

Como ambos os dous somos bastante ordenados, tras dúas ou tres sesións de traballo, logramos producir un documento que, ao meu xuízo, segue a ser unha referencia importante. Nel falabamos da necesidade de emprender unha transformación cultural e unha revolución produtiva.

Desde aquela, estou seguro que Alí Rodríguez, por propia vocación pero tamén en función dos cargos de goberno que ocupou, seguiu afondando en termos conceptuais e prácticos sobre a revolución produtiva.

Pola miña conta, tiven que facelo en relación á transformación cultural.

Este caderno, as seis bandeiras sobre o outeiro cultural, é unha síntese das reflexións que, ao longo dos últimos anos, me tocou ir convertendo en palabra escrita.

José Martí dixo que hai que *ser cultos para ser libres*. Cantas veces non oímos esa frase? Cantas veces non a dixemos?

Ese concepto é unha guía fundamental para os revolucionarios.

Entendemos que Martí non se refería aos individuos senón aos pobos. Entendemos tamén que non era unicamente un consello moral, senón unha tarefa política. No seu caso, a tarefa era lograr que o pobo de Cuba se convertese nun pobo culto.

Pola nosa parte, tócanos tamén seguir avanzando no cumprimento desa tarefa. E para iso estanse a facer moitas cousas. A derrota do analfabetismo foi un episodio glorioso nese labor. O desenvolvemento cuantitativo e cualitativo da educación é outro esforzo importante: hoxe temos case o 50% dos venezolanos e venezolanas estudando formalmente. A politización do pobo a través da práctica na organización comunal é outro feito significativo. A masificación da lectura conta tamén.

Porén, hoxe quero facer un relato dalgúns aspectos onde creo que habería que facer unha énfase especial. Non me refiro aos instrumentos ou métodos, senón aos grandes obxectivos. Acho que na medida en que vaíamos gradualmente alcanzándoos, nesa medida poderemos falar de liberación do noso pobo.

Para usar unha imaxe que nos sirva de referencia, tomo a dun outeiro no que hai que sementar con método e constancia. Propoño seis tipos de cultivo. E por cada un deles que logremos con éxito, colocaremos deportivamente unha bandeira no cume do outeiro cultural. Teremos así seis bandeiras.

A bandeira da cultura da propia dignidade.

A bandeira da cultura do coñecemento

A bandeira da cultura produtiva

A bandeira da cultura cidadá

A bandeira da cultura da espiritualidade humana

A bandeira da cultura do bo vivir

Explícome...

1

A bandeira da propia dignidade

A Declaración Universal dos Dereitos Humanos, aprobada pola Organización das Nacións Unidas, inicia o seu preámbulo coas seguintes liñas: *Considerando que a liberdade, a xustiza e a paz no mundo teñen por alicerce o recoñecemento da dignidade intrínseca e dos dereitos iguais e inalienábeis de todos os membros da familia humana.* E logo no seu artigo 1, precisa: *Todos os seres humanos nacen libres e iguais en dignidade e dereitos e, dotados como están de razón e conciencia, deben comportarse fraternalmente uns cos outros.*

Xa o propio Libertador Simón Bolívar, século e medio antes, na súa proclama aos colombianos do 29 de abril de 1820, falaba da «eminente dignidade a que son destinados todos os mortais pola intención da natureza»

Hoxe en día en Venezuela, o artigo 3 da nosa Constitución Bolivariana comeza dicindo: «*O Estado ten como fins esenciais a defensa e o desenvolvemento da persoa e o respecto á súa dignidade...*» É dicir, que por onde queira que se mire, veremos que ese tema da dignidade é tan importante que dificilmente pode ser ignorado ou posto a un lado á hora das declaracións esenciais. Digamos que a inclusión do concepto é a teoría, a letra que subscribimos como venezolanos ou como parte da comunidade humana.

Outra cousa é a realidade.

Está ben que as Nacións Unidas recoñezan e afirmen o dereito á dignidade de todos os homes e as mulleres do mundo. Non podía esperar menos.

Está ben que o Estado venezolano declare que o respecto á dignidade está entre os seus fins esenciais. Iso está nunha Constitución que foi aprobada en referendo.

Pero á vista da realidade, non é abondo.

Porque o noso sentido da dignidade en canto individuos ou en canto comunidades ten que vir, non como unha concesión que alguén nos fai, senón das nosas loitas, das nosas prácticas de vida, devidas en conciencia.

Ninguén nos vai regalar a dignidade como un acto de benevolencia ou xustiza.

A dignidade, que certamente é intrínseca á nosa condición de seres humanos, poñémola en evidencia, construímola, traballámola en nós e conquistámola se ese é o caso.

Pero esa dignidade non é unha abstracción.

Provén ou debe provir do coñecemento de nós mesmos, do que somos, de quen somos, do que queremos e soñamos, do que merecemos. Dito doutro xeito, da historia que nos trouxo até aquí e da que estamos a facer, coa vista posta no porvir.

Se me pedisen destacar o maior logro da Revolución Bolivariana nestes dez anos de goberno (porque o proceso, como lembrou Chávez, comezou moito antes), eu diría que é ese: o avance colectivo na apropiación do sentido da dignidade.

Xa hoxe en día o noso pobo non é o mesmo que hai dez anos. O espírito igualitario e humanista da Revolución fixo visíbeis todos os sectores, todos. Os reflectores da Revolución sacaron das sombras e puxeron á vista as diversas culturas do país, para que as coñezamos e, coñecéndoas, as respectemos, as valoremos, as fagamos nosas e as compartamos.

Aínda así, todo iso require dun proceso cultural que debe ser alentado continuamente para que non reduza a súa marcha e, moito menos, se deteña.

Cómpre daquela apoiar esa toma de conciencia da nosa propia dignidade no estudo da historia, na recuperación da memoria (non só da nación venezolana, senón de cada unha das súas culturas e pobos), no esforzo permanente por procurar a fraternidade como un valor que nos una e, sobre todo,

na elaboración conxunta dun proxecto común, un proxecto de futuro en dignidade que non pode ser outro que o proxecto bolivariano.

Avanzamos moito na recuperación do sentido de dignidade, baixo o liderado de Chávez, pero non hai que afrouxar a vontade de transformación para que esa dignidade se vexa reflectida na vida cotiá de todos e cada un de nós.

Así, a tarefa é cultural.

2

A bandeira da cultura do coñecemento

A ignorancia, como a pobreza, nunca é socialista.

Declaración conxunta do Goberno e do Partido Comunista Chinés
5 de decembro de 1954 (citada por Carl Sagan)

Chávez lémbra-nos que a conciencia é un produto do coñecemento, sabendo que a conciencia vén da praxe. Cando di que hai que transferir o poder ao pobo e que o primeiro poder é o coñecemento, dío tendo en conta que ese coñecemento no seo do pobo se vai converter en conciencia liberadora.

É o tema de saber e entender o mundo en que estamos, o universo onde este se atopa e a nós mesmos.

Ao meu xeito de ver, hai dous grandes territorios para seren coñecidos: o mundo da natureza e o mundo dos seres humanos. É dicir, o obxectivo e o subxectivo. No cume dos esforzos para explorar un deses territorios está a ciencia. No cume dos esforzos para explorar o outro, atópase a arte.

A ciencia e a arte son, así o penso, os dous máis grandes instrumentos de coñecemento que o ser humano en sociedade puido construír.

A ciencia ocúpase do coñecemento do obxectivo. Ao tratar de comprender o universo e o comportamento da natureza, procurando e descifrando as súas leis, a humanidade construíu ao longo dos séculos un xeito de proceder con rigor e disciplina que lle ten dado moi bos resultados. Baséase en dúas actitudes da intelixencia humana que, aínda que parezan opostas, se complementan extraordinariamente. Por un lado, unha disposición permanente á procura de novas ideas, de novos paradigmas, ou ao perfeccionamento das ideas existentes e, polo outro, un escepticismo fundamental, esencial, esixente nas probas e duro nas súas posicións.

Con iso até agora a humanidade logrou uns avances científicos e tecnolóxicos innegábeis. Que moitos deles fosen usados para a guerra ou para a opresión, é outro tema. Aínda que a ciencia, na súa complexidade, ten unha gran cantidade de disciplinas, cada unha das cales por si soa exixe unha dedicación ao máximo para o manexo das súas linguaxes, os seus códigos, os seus campos, as súas bases, os seus argumentos e os seus logros, o cal implica unha indispensábel profesionalización do individuo que queira dominala (as esixencias da ciencia son tales hoxe en día que non admiten o diletantismo), aínda que iso é certo, é importante que o común dos seres humanos recoñezamos a existencia de cada unha desas disciplinas, saibamos dos seus logros máis importantes e os valoremos.

Así como é importante que valoremos os métodos usados por xeracións sucesivas para alcanzar eses coñecementos.

O coñecemento masivo e xeralista da ciencia debe ser unha aspiración no plano cultural. Un pobo culto terá ese coñecemento. Os sistemas de educación formal deben asumir esa responsabilidade, sobre o cumprimento da cal velará o Estado docente.

O contrario do coñecemento, neste caso referido á ciencia, é a ignorancia. No campo da ignorancia medran, coma malas herbas, o calote a pseudociencia. É realmente impresionante como ambas as dúas, potenciadas polos medios de comunicación, tanto de dereita coma de esquerda (hai que dicilo: abonda ver as páxinas de horóscopos en diarios que apoian decididamente a revolución) se colocaron na alma do noso pobo.

Velaí unha loita que paga a pena nun proceso revolucionario. Coñecer o mundo obxectivo a través do manexo dunha cultura científica. Iso implica tanto o coñecemento da historia da ciencia coma dos seus métodos.

A creación por parte do goberno revolucionario dun Ministerio do Poder Popular para a Ciencia e Tecnoloxía é un gran paso. Pero o desenvolvemento dunha cultura científica xeneralizada no noso pobo debe converterse nun dos obxectivos estratéxicos dese ministerio.

O outro grande espazo do coñecemento é o subxectivo, isto é, o humano. Todo aquilo que nos atinxe. Quen somos? Como somos? Cales son as claves da nosa existencia? Hai que anotar que o campo de procura é practicamente inesgotábel porque non só se refire ao colectivo, aos colectivos de todo tempo e lugar, senón a cada un de individuos que foron, que son e que serán.

A historia, a xeografía humana, a economía, a antropoloxía, as ciencias sociais en xeral, ocúpense de producir e avanzar neste coñecemento. Digamos que é o territorio do cultural. Evidentemente hai datos e feitos obxectivos en todo iso, pero na propia interpretación deses datos xa nos movemos na subxectividade.

Eu quero destacar dentro deste conxunto de disciplinas que contribúen ao desciframento do mundo do humano, o papel da arte e da literatura. Considero que esa é a grande tarefa da

arte, xustamente: desciframos. Axudar a vernos. Ou, por di-
cilo doutro xeito: contribuír ao coñecemento de nós mesmos.
Das nosas interrelacións e das relacións entre nós e a na-
tureza.

Velázquez, Picasso, Shakespeare, Beethoven, Cervantes,
Neruda, Vallejo, os grandes nomes universais da creación
artística e literaria, que fixeron se non iso: iluminar as revol-
tas do ser humano en sociedade? Pero, que procura e que
logra o máis humilde e descoñecido dos artistas e escritores,
senón iso mesmo: obter as verdades da nosa alma?

Velaí o fascinante mundo de nós mesmos, das nosas moti-
vacións, das saudades e medos que sufrimos, das preguntas
que nos formulamos, das paixóns que sentimos, das ilusións
e esperanzas que nos moven nas relacións entre nós. Eu digo
que alí a Arte ten case todas as chaves.

As artes tradicionais e as que van xurdindo e coas cales
debemos conectarnos sen prexuízos. Agora temos as inmen-
sas posibilidades do cinema e da televisión. A arte e a litera-
tura atopan formas e técnicas novas. A súa capacidade de
exploración nunca remata.

Coñecer todo iso, tanto o papel deses instrumentos, como
o abano de interpretacións posíbeis no espazo do humano,
aínda que sexa en forma moi xeral, é unha aspiración que ten
sentido no plano do cultural.

Aquí tamén o goberno revolucionario creou o Ministerio
do Poder Popular para a Cultura. Velaí un dos labores máis
importantes dese ministerio: desenvolver unha cultura pro-
funda acerca da arte e da literatura.

Con iso coñecerémonos máis e mellor a nós mesmos.

Digamos que un pobo culto ten, sustentado en datos e
argumentos, un panorama xeral do coñecemento alcanzado
pola ciencia e polas ciencias sociais, e unha comprensión do
humano apuntalada nas xanelas que a arte e a literatura foron

abrindo. Construír ese panorama xeral é, como dixemos máis arriba, unha obriga do Estado e das súas institucións, pero tamén do propio pobo, a través dun proceso de autoformación, de autosensibilización.

Con eses coñecementos como alicerce, non cristalizarán os dogmas. Non se poderá instalar ningunha forma de explotación, nin para ser exercida, nin para ser sufrida. Porque sobre o coñecemento que vén do exercicio intenso de vivir florece a conciencia e a partir da conciencia suponse que se garante a liberdade e a igualdade.

3

A bandeira da cultura produtiva

Hai unha cultura de rendas que debemos deixar atrás porque foi un lastre para o noso desenvolvemento. É dicir, que nos afixemos a vivir da exportación do petróleo e descoidamos o cultivo dunha vontade produtiva propia. Iso ninguén o discute. Chávez, Alí Rodríguez e outros dirixentes lémbrennoloo constantemente.

E fanse intentos para reverter esa cultura de rendas que nos fai máis dependentes, non só en termos de nación, senón mesmo como comunidades e tamén como persoas. Programas como a *Misión Vuelvan Caras*, despois *Misión Che Guevara*, o plan das dúascentas fábricas socialistas, a idea sostida do desenvolvemento industrial augas abaixo a partir das nosas materias primas (máis como idea que como feito real, salvo excepcións como as de Petrocasa), o intento de apoio a programas produtivos dos alcaldes a partir das reunións dos gabinetes móbiles, o esforzo de organización das comunidades para a produción a través dos consellos comunais, a grande estratexia sostida polo Ministerio de Agricultura para garantir

a soberanía alimentaria, todo iso apunta a reverter nos feitos a dependencia tan extremada da renda petroleira.

Pero nada diso vai resultar (e non quero ser negativo ao respecto senón realista) se, ao mesmo tempo, non se desenvolve na alma colectiva unha conciencia do que significa a produción de bens. Esa conciencia non a cultivamos en nós durante o século XX, lamentablemente. Todo o contrario. Non se sementou o petróleo. Non se aproveitou esa oportunidade histórica para crear conciencia a partir dos feitos, porque os feitos foron xustamente os que conformaron en nós a cultura de rendas.

Agora temos unha nova oportunidade. A revolución chega, entre outras cousas, para iso, para facer o que hai que facer e reflexionar sobre o que se fai.

E se queremos deixar atrás a pobreza relativa e absoluta que aínda están alí, hai que desenvolver unha nova conciencia sobre a nosa relación coa riqueza.

Se seguimos pensando que a riqueza vén doutra parte que non sexa do noso propio esforzo, e que o que nos toca é esperar a que o Estado a distribúa con eficiencia e equidade, estamos condenados a seguir ancorados á dependencia da renda petroleira. Pero por moi ben administrado que estea o Estado (e a longa experiencia da IV República dinos todo o contrario), o asunto é que, con independencia dos valores morais en xogo, simplemente a renda non chega.

De modo que hai que producir. E iso implica unha vontade de que o faga posíbel, non nun grupo da poboación que se vai dedicar a iso, senón en toda a poboación.

E esa vontade apóiase sobre unha comprensión e esa comprensión é unha cultura.

A cultura produtiva.

É a conciencia que vén do coñecemento da orixe da riqueza.

Aquí, neste punto, enfróntanse dúas maneiras de ver o mundo: a do capital e a do traballo.

É dicir, a da burguesía e a dos traballadores.

A burguesía vese a si mesma coma «o sector produtivo». Isto faise evidente a través das declaracións dos dirixentes dos gremios empresariais, como cando denuncian que o Goberno non atende ao sector produtivo. Eles insisten en que son eles os que producen a riqueza. Simplemente porque teñen o capital e con el montan todo o «negocio empresarial». Para eles os traballadores son un elemento máis e nin sequera o principal. Non é este o momento nin eu son a persoa axeitada para espír a perversión intrínseca das relacións de produción capitalistas. Nin para describir o xeito como esa perversión foi mudando de pel dende os comezos da Revolución Industrial até os nosos días. Hai infinidad de literatura ao respecto, dende *O capital* até Alén do capital. Millóns e millóns de liñas escribíronse verbo isto.

A nós, coa Revolución bolivariana tócanos, para desenvolver a nosa teoría e a nosa práctica produtiva, implementar as estratexias dende o punto de vista, non do capital, senón do traballo. É dicir, non dende a óptica burguesa, senón dende a dos traballadores. E diso trata a creación, ou mellor, a auto-creación na nosa alma colectiva dunha cultura produtiva humana, é dicir, construída en humanidade.

Véndoo ben, trátase de dúas tarefas.

Unha que ten que ver con facer. E a tarefa é que nos convezamos da necesidade diso.

A outra que ten que ver co xeito de facer. E a tarefa é construír un xeito socialista.

Até o de agora como pobo, non reflexionamos en colectivo o suficiente sobre ningunha destas dúas premisas necesarias para derrotar a pobreza.

En xeral estivemos máis pendentes da distribución da riqueza que da súa orixe. Alí fixemos énfase. Vemos que existen bens materiais e queremos dispoñer deles, para o cal esiximos que cheguen até nós. Pedímoslle ao destino, ao Estado, a Deus ou á oportunidade, que nos poñan os bens ao alcance. Pensamos (e con toda razón) que a distribución dos bens é inxusta.

Pero, en realidade, poucas veces internalizamos na nosa conciencia que hai un problema que precede a distribución, que é o da produción.

E hai que dicir unha e outra vez que producir é moi importante. E é difícil. Exixe experiencia, visión estratéxica, capacidade organizativa, método, tecnoloxía, recursos materiais e humanos. Hai moitos factores en xogo. Non é tan doado. Non se improvisa. Por iso, preocúpame cando nas buscas por atopar un camiño á produción socialista, poñemos en risco as experiencias de produción real. Preocúpame moito, pois poderíamos estar a cometer un erro. Ningunha empresa que produza debe ser acurrallada, senón todo o contrario: estimulada a producir máis.

Tamén me preocupa o contrario: cando favorecemos acriticamente esas experiencias capitalistas de produción real sen cuestionalas nos seus métodos. Pois a construción do socialismo pasa pola súa transformación. E iso hai que ir poñendo no programa. Pola contra, non estaríamos a facer unha revolución socialista.

Unha vez máis dicimos que este é un momento de equilibrio sobre a corda tendida no abismo entre dous territorios: de onde saímos e onde queremos chegar.

Hai que cruzar dende un punto ao outro.

Cando esteamos no outro lado, chegaremos a un lugar onde xa non existirá a pobreza nin a explotación.

Para iso hai que ir levantando, dígoos unha vez máis, unha cultura produtiva dende a visión do traballador que se sabe

facedor (autor) da riqueza. Iso equivale a construír unha sociedade de traballadores. Isto é, de facedores. Todos traballadores. Todos produtores.

Hai que meter moi ben ese concepto na conciencia. Para facelo noso e definitivo.

Unha sociedade de traballadores que se dirixen a si mesmos é unha sociedade sa, firme, sólida. E, sobre todo, politicamente máis libre e xusta. E, en todos os sentidos, máis culta.

4

A bandeira da cultura cidadá

Vin sostendo que a cidade é a creación cultural máis grande do xénero humano. A cidade como o lugar organizado para a vida en común, independentemente do seu tamaño ou condición. É dicir, a cidade no seu sentido político.

A milenaria existencia da cidade reforzouse co xurdimento da idea de cidadanía. Unha idea que, levada á práctica no seu sentido máis profundo (que foi secuestrado pola burguesía), nos iguala a todos os seres humanos.

O soño milenario, que se pode sintetizar a partir das loitas e motivacións dos pobres, explotados e excluídos de todas as épocas, é lograr a cidade perfecta.

Os que somos militantes dese soño milenario, hoxe, aquí, na Venezuela bolivariana, dámoslle o nome de comuna a esa cidade perfecta. Un nome cheo de significados. E imaxinamos o mundo do futuro como un mundo de comunas.

En fin... por aí van as cousas. Pero vivir en cidade, é dicir, en comunidade, ten as súas regras. A cada unha desas regras e ao conxunto de todas elas chamámoslle lei.

A lei.

Segundo a calidade ou historia de cada comunidade, esas leis poden ser de coñecemento verbal, é dicir transmitidas pola tradición e o costume (pero que igual deben ser respectadas) ou poden ser escritas, é dicir, oficializadas nalgún tipo de documento.

Así mesmo, poden ser locais ou poden ser nacionais.

En todo caso, son normas necesarias para que a vida en común se poida dar nas necesarias condicións de respecto dos uns polos outros.

Sometemos a discrecionalidade de cada un á vontade colectiva para que a máquina da cidade funcione. Como podería ser doutra forma?

Entender iso, asimilalo, metelo na alma ben dentro, é unha desas imprescindibles tarefas culturais. Comprender iso a plenitude é ser máis culto. Cando un pobo xeneralizou esa comprensión, ese pobo é máis culto e, por conseguinte, máis libre.

Pero esa comprensión do sentido da lei implica algunhas responsabilidades. Ocorrémeme tres.

A responsabilidade de ter as mellores leis.

A responsabilidade de cumprilas.

A responsabilidade de desenvolver a vontade e os instrumentos para facelas cumprir.

Quen exerce o poder fai as leis.

Cando a burguesía exerce o poder como clase, fai as leis ao seu servizo, leis que ademais non só lle serven, senón que coinciden co seu concepto do mundo. O conxunto de todas elas sostén unha orde que, mesmo nas súas contradicións, é a orde burguesa. E a visión que a través delas se impón, transmítesenos como «deber ser», é dicir, o paradigma do ideal. A burguesía pretende monopolizar a idea de civilización humana, como se ela a representase en exclusividade. Todo o seu sistema legal reforza o seu poder e a súa ideoloxía.

Se por determinadas circunstancias, un sector revolucionario chega a exercer o poder político aínda que sexa temporalmente, co obxectivo de impulsar a revolución social, ten a obriga de estudar todas as leis, grandes e pequenas, nacionais ou locais, para transformalas en instrumento de cambio. Eliminando unhas, modificando outras, substituíndo as que faga falta.

Esa é unha das tarefas máis importantes na revolución.

E máis cando, como en Venezuela, hai a disposición de mudar o estado de dereito dende dentro do mesmo estado de dereito, é dicir, sen violentalo pola forza.

Pero mudar as leis non é doado. Posto que representan as regras de xogo da convivencia cidadá, son de natureza delicada.

Non abonda con poñer nelas o que se quere lograr. Abóndanos traer a utopía até nós e convertela en artigos. Se as leis non cadran coa realidade real, presente, de nada serven.

As leis da revolución deben ser moi sabias, para traballar cos ladrillos que temos e construír con eles o edificio que queremos.

Unha calidade que deben ter as nosas leis é que sexan entendidas e aceptadas pola maioría do pobo. Posto que están feitas para o exercicio humanístico da cidadanía, é obrigatorio que os cidadáns as recoñezan como súas.

Desenvolver a capacidade de elaborar esas leis é unha obriga revolucionaria. Ten que ver con métodos de análise da realidade, con métodos de elaboración de propostas e con sistemas de participación colectiva.

Aínda así, de pouco vale elaborar as mellores leis de acordo cos propósitos de transformación, se non desenvolvemos en nós a disposición a cumprilas. Iso unicamente pode acontecer a partir da comprensión do que as leis significan para a vida en común.

Esa disposición ten que ser moi forte, pois as leis representan (ou deben representar cando son xustas) a mellor referencia concreta do amor, do respecto, da liberdade, da fraternidade, da tolerancia duns cara aos outros. Elas están alí, non para estorbar, senón para facilitar o perfeccionamento das relacións humanas.

O seu cumprimento non pode ser discrecional, senón absoluto.

O mellor exemplo témolo na historia de Sócrates.

Este gran filósofo grego, acusado de impío e de corruptor de mozos, é condenado a morte pola cidadanía reunida en asemblea.

Os seus amigos recoméndanlle fuxir. Sócrates non o acepta. El reafirmalles a súa convicción de que a vontade da cidade debe ser respectada, aínda que un non comparta as súas decisións. Di que as leis deben ser cumpridas aínda que sexan inxustas. E en consecuencia, cumpre o mandato de suicidarse tomando, como todos sabemos, a cicuta.

O cidadán fai entrega da súa capacidade de discernimento puntual ao sistema das leis. Renuncia á súa discrecionalidade para facilitar a supervivencia do sistema que o colectivo, local ou nacional, se dá a si mesmo.

Outro exemplo moi interesante témolo en Cuba, que é un país que neste sentido alcanzou altas cotas de cultura.

Alí tivemos a oportunidade de atravesar a cidade nun coche oficial ás dúas de madrugada. Como é de supoñer, a esas horas as avenidas estaban baleiras, sen vehículos nin persoas. Non obstante, o chofer, naquela soidade, paraba indefectibelmente en cada semáforo que estivese en vermello. Non se lle ocorreu nin remotamente a idea de utilizar a súa discrecionalidade para prescindir do sinal do semáforo. Simplemente non podía ser, pois para iso o instrumento estaba activo a esas horas da madrugada. O colectivo, ao estabe-

lecer as normas de convivencia, rexía neste caso sobre a apreciación individual. E todos os individuos, todos e cada un, aceptan esa responsabilidade.

Por unha razón parecida, salvando as distancias entre un caso e outro, Chávez e os seus compañeiros de insurxencia aceptan como algo natural e lóxico a súa condena no cárcere de Yare. Nunca en relación con iso falou Chávez de represión sobre eles ou de violación dos seus dereitos. Nunca se viu a si mesmo como un preso político no sentido en que ás veces se utiliza ese concepto, aínda que foron políticas as razóns que o levaron a rebelarse. Porque sabendo que incumpriera a lei, aceptou como Sócrates a vontade da cidade.

Desenvolver esa responsabilidade de cumprir as leis é parte do crecemento da conciencia.

É a condición esencial para darlle forma real ao concepto da cidadanía.

E por iso ten tanta razón a tese do Estado docente. Porque unha das principais metas da educación é esa: desenvolver o espírito de cidadanía.

A formación de republicanos para poder ter república, como quería Simón Rodríguez, ten que ver con iso: coa formación da responsabilidade para aceptar a norma do colectivo.

De todos os xeitos, posto que non somos anxos, xunto coa responsabilidade de cumprir as normas e leis hai que desenvolver a capacidade do Estado e das súas institucións para facelas cumprir. Esa é tamén unha tarefa cultural de primeira importancia. Pola súa vez, a obriga de facer cumprir as leis tampouco pode ser esencialmente discrecional por parte da autoridade, salvo en circunstancias moi especiais. A autoridade existe, entre outras cousas, para garantir o cumprimento das leis.

Unha autoridade elixida democraticamente ten non só a lexitimidade para levar a cabo esa tarefa, senón tamén a obriga de facelo.

A autoridade ten máis forza canto máis democrática sexa, aínda que iso pareza un paradoxo. De modo que se quere-mos alcanzar a nosa definitiva liberdade, no sentido martiano, hai que avanzar significativamente para transformar o que neste momento é unha incapacidade xeneralizada para convivir co respecto da lei. De nada vale negalo. Venezuela é un país onde, dende hai moitos anos, as leis son como os valos nunha carreira de catrocentos metros: obstáculos para seren saltados ou derrubados.

Dende as leis importantes en cuestións importantes até as leis e normas máis relacionadas coa vida cotiá nas cousas miúdas, evádenas ou tratan de evadilas, non un pequeno sector, senón unha boa parte da poboación.

No aspecto legal, Venezuela é un sistema en crise.

A relación entre autoridade, leis e cidadanía está absolutamente chea de fracturas como un cadro ao óleo craquelado. Tanto en moitas zonas do territorio coma en certos sectores das grandes cidades, a debilidade do Estado é notábel. Pero non por insuficiencia loxística o cal sería, ao meu xuízo, unha cuestión menor e mellorábel, senón pola debilidade da relación entre estes tres compoñentes: a cidadanía, a autoridade e a conciencia do valor da lei.

Isto non é unha lenda urbana. Calquera que saia á rúa pode velo.

Recorro unha vez máis á memoria das conversas con Alfredo Maneiro. El dicíanos (e non sei se mesmo chegou a escribilo nalgunha parte) que a deterioración da sociedade non se medía pola alta autoridade que se corrompe, senón que se facía crítico cando quen fallaba era o policía, o mestre, o porteiro. Que daquela xa a cousa era seria.

Pola miña parte, creo firmemente que este non é un problema de índole moral. É un erro centrar os esforzos alí, aínda que ese tema estea desde logo tamén no fondo da esce-

na. O que creo é que é un problema esencialmente cultural. Non desenvolvemos en nós aínda a conciencia do valor de respectar as regras do colectivo.

Acho ademais que o noso pobo, activo, esperto, excelentemente disposto para o mellor, ten a capacidade para dar un chimplo adiante nesa materia. E cando digo pobo refírome neste caso ao conxunto de cidadáns que van dende o presidente do Tribunal Supremo de Xustiza, até o último dos labregos que acabe de cumprir dezaioito anos. Pero temos que intentalo.

Velaí unha das bandeiras que hai que sementar no outeiro. O respecto polas regras de convivencia. É o alicerce da cultura de cidadanía.

5

A bandeira da espiritualidade humana.

Adoita entenderse a espiritualidade como unha facultade ligada a un recoñecemento do sobrenatural.

Eu disinto diso.

Disinto seriamente.

Para unha gran cantidade de persoas formadas en sistemas de fe relixiosa ou que, en todo caso, desenvolveron persoalmente algún tipo de crenzas en asuntos que están nun suposto plano «non material», o concepto de espiritualidade está ligado a ese recoñecemento.

Supoñen que o desenvolvemento do espírito é unha consecuencia da acción deses planos inmateriais sobre os seres humanos.

Esas persoas recoñécense a si mesmas como individuos espirituais. Pero poñen a depender a súa intelixencia, a súa ética, a súa moral, as súas sensibilidades e, ás veces, até a súa

vontade e estratexias de vida, de factores superiores nos que cren e que sitúan noutra realidade intanxíbel, sexa esta a que sexa, segundo cada relixión ou crenza.

Parece ser que isto lles serve de apoio.

Para moitas destas persoas, alguén que non cre no sobrenatural simplemente ten graves carencias.

Atopei moita xente que se abraia ao coñecerme e ao mesmo tempo saber que non son crente.

Dinme: «non pode ser, tes que crer en algo, senón como podes aceptar a vida? Se todo o que hai é isto que vemos, é unha desgraza.» Parécelles imposíbel que alguén poida desenvolver unha espiritualidade non a partir do sobrenatural, senón do natural. Non o conciben.

No fondo, creo eu, o que manifestan é un desprezo velado polo humano. Ou, polo menos, unha gran desconfianza. Esa situación reducida do espiritual é un erro. Podemos afirmar que, pola contra, a espiritualidade máis profunda e verdadeira, a máis interesante, desenvólvese a partir do humano, nútrese do humano e esténdese polos ámbitos do humano. Non necesariamente ten esa espiritualidade, ou polo menos así o penso, unha contradición cos sistemas de crenzas, pero sempre e cando eles non a condicionen ou se interpoñan entre ela e a realidade.

Falemos, daquela, desa espiritualidade do natural.

É, así o penso, a que provén de verse a un mesmo nos outros. Aquela que fai súa a frase de Terencio, que tanto lle gustaba a Marx: «posto que son humano, nada humano é alleo para min.» A súa razón de ser estriba alí, nese recoñecemento: o home en comunión co home. O home en comunión coa natureza.

É dicir que o ser humano se recoñece parte dun conxunto e, a partir de alí, toma conciencia de que a súa actuación, o desenvolvemento da súa propia vida, pode mellorar a relación entre as partes.

Desenvolve así unha ollada máis profunda sobre as cousas e inventa (ou constrúe para si mesmo) algúns sentimentos como o amor, a tenrura, o sentido de fraternidade, ou os conceptos de beleza e verdade.

Desenvolve daquela ese amor, esa tenrura, ese sentido de fraternidade, logrando alcanzar nalgúns casos niveis de entrega tan extraordinarios que fan que todos os seres humanos vexamos neles unha referencia vital. Os homes e mulleres que dan a súa vida polos demais, que a entregan completa aos outros, non só en situacións críticas, senón na vida cotiá, son un exemplo diso.

Desenvolve o concepto de beleza e lévao a uns niveis que semellan, eles si, sobrenaturais. O meu pai (que era un católico endemoniado) dicía que a aria da suite número 3 de Bach semellaba estar escrita polos anxos. E é certo, para quen crea nos anxos. Pero eu digo, contradicindo o meu pai, que máis ben parece escrita por un home dotado dunha creatividade e unha sensibilidade especiais, xurdidas non da casualidade, senón como produto dun desenvolvemento colectivo a través do traballo de moitos e da toma de conciencia de xeracións.

A frase de Newton: subín en ombros de xigantes, sempre é certa. Pero os xigantes non son tres ou catro, como se adoita supor, senón que en xustiza son millóns de seres. É a humanidade a través do seu infinito entretecerse transformando a realidade, a que nos serve de soporte a cada un de nós.

Desenvolve tamén o ser humano o concepto de verdade e sobre el apoia toda a súa intelixencia. Descifra con ela o mundo e descífrase a si mesmo.

Inventa culturalmente o tempo. Imaxina os conceptos de pasado e de futuro e, baseándose neles, traza camiños e compromisos. Atopa a noción de proceso e a partir de alí, reconece erros e éxitos, calibra a súa conciencia, afina ideas e debuxa na súa vontade proxectos e ilusións.

Iso é espiritualidade.

Para que se precisa niso a presenza do sobrenatural?

Se aparece: sexa. Se a alguén lle axuda pensar que hai forzas externas á natureza que nos inflúen ou controlan: sexa.

Pero a alma humana, en realidade, está construída con lama humana. Por iso é que é importante que poidamos apreciar en nós aquilo que por nós mesmos puidemos lograr para o bo e para o malo.

Se falamos de torpeza, egoísmo, crueldade nas nosas relacións, falaremos dos valores culturais negativos ou anti valores que elaboramos en sociedade.

Se falamos de bondade, de xenerosidade, estaremos a falar dos valores culturais positivos que tamén construímos en conxunto.

Todo iso forma a nosa espiritualidade.

A espiritualidade que cada ser humano, en distinto grao, leva consigo.

E o máis alto cume dela, tal como o dicía o Che, está na condición de revolucionario.

É o máis alto cume da espiritualidade humanista, ou por mellor dicir, humana, que debemos cultivar en nós. Sobre todo en tempos de cambios profundos, á procura dun mundo mellor, que deixe atrás toda miseria e toda ignominia.

Un pobo culto é un pobo cun exercicio pleno da espiritualidade, isto é, cun exercicio pleno das mellores facultades do humano.

6

A bandeira da cultura de vivir ben

Comentándolle a Ismael González, Manelo, o tema deste caderno, suxeríume incluír o concepto de vivir ben como un dos

estandardtes que hai que colocar no cume do outeiro cultural. Pareceume tan boa idea que aceptei deseguida a suxestión.

Imos aló.

Vivir ben, tal como o queremos expresar, non ten para nada que ver co logro da «boa vida» da sociedade consumista onde nos conduce o capitalismo. Esa «boa vida» entendida así, na superficialidade do consumo, é unha aberración e un despropósito. E, desde logo, para a maioría dos seres humanos unha ilusión baleira e inalcanzábel. Unha quimera. Coa agravante de que representa un modelo de vida, por unha parte, de imposible xeneralización (pois é materialmente insustentábel, xa que non hai recursos para iso, ademais de que a estruturación da sociedade en clases non o permite) e, pola outra, tremendamente daniño para a vida no planeta. O camiño ao suicidio colectivo vai por alí por esa «boa vida» absurda que os ricos gozan (ou cren gozar) ao seu xeito e nos venden aos demais como un paradigma da felicidade humana.

Non. Non vai por alí o concepto de vivir ben, tomado da sabedoría dalgúns culturas ancestrais nos nosos países e tamén dos valores sostidos polo mellor da humanidade en todo tempo e lugar, e que agora alcanzou rango constitucional tanto en Bolivia coma en Ecuador. Creo que a reprodución dalgúns parágrafos da Constitución Política da República de Bolivia pode ilustrar de que se trata. Nela aparece seis veces escrito o concepto de vivir ben. Tanto no preámbulo coma nos artigos 8, 80, 306 e 313. Vexamos: no preámbulo fálase dun Estado baseado *no respecto e igualdade entre todos, con principios de soberanía, dignidade, complementariedade, solidariedade, harmonía e equidade na distribución e redistribución do produto social, onde predomine a procura de vivir ben; con respecto á pluralidade económica, social, xurídica, política e cultural dos habitantes desta*

terra; en convivencia colectiva con acceso á auga, traballo, educación, saúde e vivenda para todos.

Os dous primeiros parágrafos do artigo 8 din así: *I. O Estado asume e promove como principios ético-morais da sociedade plural: ama qhilla, ama llulla, ama suwa (non sexas lacazán, non sexas mentireiro nin sexas ladrón), suma qamaña (vivir ben), ñandereko (vida harmoniosa), teko kavi (vida boa), ivi maraei (terra sen mal) e qhapaj ñan (camiño ou vida nobre). II. O Estado susténtase nos valores de unidade, igualdade, inclusión, dignidade, liberdade, solidariedade, reciprocidade, respecto, complementariedade, harmonía, transparencia, equilibrio, igualdade de oportunidades, equidade social e de xénero na participación, benestar común, responsabilidade, xustiza social, distribución e redistribución dos produtos e bens sociais, para vivir ben.*

No artigo 80 fálase “da conservación e protección do medio, da biodiversidade e do territorio para vivir ben».

No artigo 306 dise que «O modelo económico boliviano é plural e está orientado a mellorar a calidade de vida e vivir ben de todas as bolivianas e os bolivianos». E máis adiante: «A economía social e comunitaria complementará o interese individual con vivir ben colectivo».

E no 313 fálase de «eliminar a pobreza e a exclusión social e económica, para o logro de vivir ben nas súas múltiples dimensións».

Esta última frase é ben importante, pola referencia ás múltiples dimensións do concepto que aquí se fai e que foron desenvolvidas no artigo oito xa citado. No fondo de todo iso subxace unha filosofía de vida, para min, franciscana, é dicir, de san Francisco de Asís. Unha filosofía que se apoia no concepto de irmandade, tanto entre os homes coma entre as distintas criaturas. Se o apuramos un pouco e facemos a translación á nosa época, estaríamos a falar dunhas mellores rela-

cións humanas (ás dunha sociedade sen clases) e dunha mellor relación entre nós e a natureza.

*Gabado sexas por toda criatura, meu Señor,
e en especial gabado polo irmán sol,
que ilumina e abre o día, e é fermoso no seu esplendor,
e leva polos ceos noticia do seu autor.
E pola irmá lúa, de branca luz menor,
e as estrelas claras, que o teu poder creou,
tan limpas, tan fermosas, tan vivas como son,
e escintilan nos ceos: gabado, meu Señor!
E pola irmá auga, preciosa no seu candor,
que é útil, casta, humilde: gabado, meu Señor!
Polo irmán lume, que ilumina ao irse o sol,
e é forte, fermoso, alegre: gabado, meu Señor!
E pola irmá terra, que é toda beizón,
a irmá nai terra, que dá en toda ocasión
as herbas e os froitos e flores de cor,
e susténtanos e rexe: gabado, meu Señor!*

Velaí un extracto do Cántico do Irmán Sol ou Loanza das Criaturas, de Francisco de Asís, nunha versión que algunha páxina web lle atribúe a León Felipe (por certo, hai que lembrar que León Felipe era unha dos poetas preferidos do Che). Nel manéxanse, penso eu, a mesma idea da Pachamama, a nai terra, aquí chamada irmá pero que vén ser o mesmo, e a harmonía entre todos os seres vivos ou inanimados.

Cando ademais se lle incorpora o compoñente ético moral (por exemplo: *non sexas lacazán, non sexas mentireiro nin sexas ladrón*) coa promoción dos valores de *unidade, igualdade, inclusión, dignidade, liberdade, solidariedade, reciprocidade, respecto, complementariedade, harmonía, transparencia, equilibrio, igualdade de oportunidades, equidade*

social e de xénero na participación, benestar común, responsabilidade, xustiza social, distribución e redistribución dos produtos e bens sociais, estase a edificar a base estrutural dun modo de vida sustentábel, harmonioso e verdadeiramente humano, no sentido de configurar unha mellor idea de vida en común para a humanidade.

Que é isto, no fondo? A que valores nos estamos a referir senón aos do socialismo, superando e deixando atrás a vida en «competencia entre nós, e entre nós e a natureza» establecida polo capitalismo?

Concluímos coas palabras de Evo Morales, recollidas nunha conversa con Fernando Bossi: *«Vivir ben» é vivir en igualdade e en xustiza. Onde non haxa nin explotados nin explotadores, onde non haxa nin excluídos nin que exclúan, onde non haxa nin marxidados nin marxidores. «Vivir ben» é vivir en comunidade, en colectividade, en reciprocidade, en solidariedade, e, especialmente, en complementariedade.*

«Vivir ben» non é o mesmo que «vivir mellor», vivir mellor que o outro. Porque para «vivir mellor», fronte aos demais faise preciso explotar; instálase a competencia, concéntrase a riqueza en poucas mans. Daquela prodúcese unha profunda competencia, uns queren vivir mellor e isto a cambio de que outros, as maiorías, vivan mal. Aí hai unha gran diferenza, xa que en «vivir ben» é vivir en igualdade de condicións, «vivir mellor» é egoísmo, desinterese polos demais, individualismo.

De modo que esta sería a sexta bandeira para colocar no cumo do outeiro cultural como sinal de que o cultivo da bondade e da sabedoría florecen nos nosos pobos.

12 de novembro de 2009







Esta edición galega de
Por que son chavista?
sae á luz
en abril de 2013,
un mes despois da morte
do comandante
Hugo Chávez Frías



CON TODO MI AFECTO, A FERRUCO SESTO, SOY
COMPAÑERO EN LA CONSTRUCCIÓN DEL SUEÑO...

CARLOS, 27 DE OCTUBRE 2002.

CASVEZ

